



MEMORIA DE
ACTIVIDADES
2010

Instituto da Lingua Galega



Edita
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Correo electrónico: ilgsec@usc.es
Páxina web: <http://ilg.usc.es/>
Teléfonos
+34 8818 12810
+34 8818 12802
Fax
+34 81572770

Universidade de Santiago de Compostela, maio de 2011

Limiar

Esta memoria recolle o labor realizado polo Instituto da Lingua Galega ao longo do ano 2010, xunto co informe de ingresos e gastos nesa anualidade. Como é preceptivo, foi presentada perante a Xunta de Goberno, que a aprobou por unanimidade en sesión celebrada na sede do ILG o día 19 de maio de 2011.

Coincide esta presentación coa conmemoración do 40 aniversario do Instituto da Lingua Galega e por iso ten para todos nós unha significación especial. Naquela primavera de hai corenta anos, o día 14 de maio de 1971, anunciouse publicamente a creación do Instituto da Lingua Galega, na Universidade de Santiago de Compostela. Na semana precedente, arroupándoo, celebrárase un ciclo de conferencias sobre filoloxía galega, con importantes figuras da romanística e das filoloxías hispánica e portuguesa, e mais a presentación do método *Galego 1*.

A acta fundacional, que contén os primeiros estatutos, é de 26 de xullo de 1971. Da mesma data é o primeiro padroado, integrado por Manuel García Garrido (Reitor), Constantino García González (Catedrático de Filoloxía Románica, que sería nomeado Director), Manuel Díaz y Díaz (Catedrático de Filoloxía Latina, Subdirector), Ricardo Carballo Calero (representante do Centro de Estudos Fingoi, Secretario), Xosé F. Filgueira Valverde (representante do Instituto Padre Sarmiento), Marino Dónega Rozas (representante da Real Academia Galega), Xerardo Fernández Albor (representante da Fundación Penzol), Xoaquín Arias Díaz de Rábago (representante da Fundación “Pedro Barrié, Conde de Fenosa”) e Ramón Otero Túñez (Decano da Facultade de Filosofía e Letras).

Os obxectivos básicos do Instituto da Lingua Galega son os seguintes:

- Desenvolver a investigación científica e técnica no campo da lingüística e filoloxía galegas, en todas as liñas e en todos os períodos históricos.
- Poñer á disposición da comunidade de investigadores e da sociedade en xeral, dentro e fóra de Galicia, os resultados das investigacións e o coñecemento sobre a lingua galega.
- Promover o desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas que poidan ser de aplicación para a investigación sobre a lingua galega e para difusión dos seus resultados.
- Realizar actividades docentes de doutoramento, posgrao e especialización relacionadas coa lingua galega, en coordinación co Departamento de Filoloxía Galega da USC.
- Desenvolver actividades de especialización e de formación continua dirixidas a profesionais relacionados coa lingua galega, en especial no eido do ensino non universitario e dos medios de comunicación.
- Prestar asesoramento técnico a institucións e persoas relacionadas coa normalización da lingua galega, e dun modo especial aos membros da USC.
- Promover e colaborar na organización de debates, xornadas, congresos, reunións científicas, seminarios e actividades análogas que estean en conexión coa natureza e funcións propias do ILG.
- Contribuír á normalización da lingua galega na sociedade.

Como Directora do ILG, cun mandato renovado en decembro de 2008, comprácame presentar esta Memoria 2010 e dar a coñecer o labor realizado no ano pasado. A Directora e o Secretario agradecemos expresamente a dedicación, espírito de colaboración e xenerosa entrega de todos os integrantes do Instituto da Lingua galega, ano a ano. En nome de todo o Consello Científico, agradecemos a confianza e a contribución das persoas e organismos que colaboran connosco, de distintas maneiras e a distintos niveis. Como cada ano, procuramos estar á altura dos compromisos adquiridos e esperamos seguir sendo merecentes do aprecio con que nos distingue a sociedade galega.

Rosario Álvarez
Directora do ILG

Relación de liñas e proxectos de investigación

1. Sección de dialectoloxía e xeografía lingüística

5

1.1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)

IP	Francisco Fernández Rei
MEMBROS DO EQUIPO	Carme Ares Vázquez Henrique Costas González (UVigo) Carme García Rodríguez Carme Hermida Gulías Ana García García
FINANCIAMENTO	Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
PÁXINA WEB	http://ilg.usc.es/ago/

Desde o 29 de maio do 2007, o proxecto *Arquivo do Galego Oral* conta con dotación orzamentaria concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, segundo o convenio desta coa USC. O obxectivo xeral do proxecto é construír un corpus de interese multidisciplinar para o estudo da situación da lingua oral, particularmente as variedades sociais e xeracionais, e á vez contribuír a un mellor coñecemento da sociedade galega a través de moi diversas mostras do patrimonio inmaterial. Os principais obxectivos son: 1) realización dun gran **Banco de textos orais** co que configurar un atlas do galego oral de todo o dominio lingüístico; 2) realización dun **Corpus informatizado do galego oral** para o estudo fundamentalmente do léxico. O corpus conformarían os textos consultables no sitio web, pero tamén outros que non se pendurarían na rede. Durante o ano 2010 entre os traballou no proxecto, como contratada, Ana García García. Baixo a supervisión de Francisco Fernández Rei e Carme Hermida Gulías, procedeu a realizar as actividades que a continuación se especifican. A memoria de actividades realizadas comprende os meses de xaneiro-outubro de 2010, data en que se redacta esta memoria.

a) Inventariado, catalogación e clasificación de gravacións

Dos 315 concellos galegos contamos con audios de 305, dentro da sección do arquivo de comezos da década de 1990 á actualidade, que é coa que estamos a traballar desde 2007. Dos dez concellos que faltan, oito son da provincia de Ourense (Larouco, Manzaneda, Padrenda, Petín, Quintela de Leirado, San Xoán de Río, Toén e Vilariño de Conso) e dous da da Coruña (Moeche e Sada). No presente ano fixéronse gravacións en seis novos: Calvos de Randín, Esgos, Leiro, Porqueira, Vilamartín de Valdeorras e Vilar de Santos, todos da provincia de Ourense. Tamén contamos con documentación nova, de procedencia variada. E, ademais, neste subarquivo existen gravacións de falas galegas das comarcas estremeiras de Asturias, León e Zamora e tamén dos falares esencialmente galegos dos somotes da Serra de Gata, en Cáceres.

Ás 935 fichas correspondentes a 299 concellos galegos que se elaboraron nesta nova fase do proxecto, no presente ano engadíronse 66 novos rexistros relativos a concellos da Galicia administrativa.

b) Escolma e preparación de textos para internet

Esta tarefa constitúe unha das partes máis importantes do proxecto. A continuación especifícanse os pasos que se foron dando neste ano 2010.

PROCESO DE SELECCIÓN DE TEXTOS

Traballouse na definición dos criterios para escollermos os textos e seleccionarmos modelos que poidan resultar interesantes, tanto polo contido coma pola forma. Procedeuse a escoitar unha boa parte do fondo do arquivo, sobre todo o xa dixitalizado, para atopar textos acaídos. Foi así como se fixo a selección dos exemplos que se presentan.

TRANSCRICIÓN E CORRECCIÓN DE TRANSCRICIÓN

Unha vez seleccionados documentos novos, e despois de avaliar as características dos que xa estaban incluídos, decidiuse facer algunha modificación importante das normas de transcripción pensando sempre nos futuros destinatarios dos textos.

Despois de facer a avaliación que se especificou antes, e tendo en conta os posibles usuarios, procedeuse a realizar unha dobre transcripción, semifonolóxica e grafemática. A transcripción semifonolóxica contén a maior información fonética e fonolóxica posible e está pensada para estudantes e investigadores do galego oral, e tamén para locutores dos medios de comunicación, dobradores, actores e outros profesionais que usan habitualmente o galego oral. A transcripción grafemática está pensada para estudantes, ensinantes e investigadores da lingua galega, pero tamén para etnógrafos, historiadores, sociólogos e outras persoas interesadas na Galicia anónima (a de onte e a de hoxe) e na situación sociocultural e sociolingüística galega, presente en moi diversos etnotextos.

Neste momento continúaase a traballar na unificación e coherencia das normas de transcripción, dado que os problemas van xurdindo a medida que se tratan novos textos.

Nunha primeira fase vaise transcribindo (ou dixitalizando e corrigindo as transcripcións nos casos en que están recollidas en papel), aplicando os criterios e nunha segunda faise unha supervisión detida de todos os textos. Por outra banda, e dado que a modificación do sistema de transcripción que se realizou neste ano 2010 foi significativa (aproveitando que estabamos nunha fase inicial do proxecto), houbo que refacer toda a documentación que tiñamos xa fichada para unificala coa que se engadiu por primeira vez.

INCLUSIÓN DOS PRINCIPAIS DATOS ALMACENADOS NA BASE

Como paso previo á publicación dos datos incluíronse estes nunha base creada para recoller todo o material pertinente (topónimos —lugar, parroquia e concello—, temas, subtemas, fichas das gravacións...).

Título	
Concello	Gondomar
Parroquia	BORREIROS (SAN MARTIÑO)
Lugar	O Castro
Ano	1992
Tema	Acontecementos e personaxes históricos
Subtema	A guerra civil e a posguerra
Gravación por	Neves Piñeiro Gaviño

Informantes:			
	Sexo	Idade	Profesión
▶	Home	80	xornaleiro
*	Muller		

A base de datos que pasará a formar parte da páxina web conta neste momento con 62 fichas doutras tantas gravacións que constitúen unha mostra de textos dialectais representativos do dominio lingüístico galego. Forman parte dun abano máis amplo de documentos que pasarán polo mesmo proceso nos vindeiros meses.

The screenshot displays the AGO web application interface. On the left, there is a sidebar with navigation options like 'Inicio', 'Buscador', 'Formulario', 'Transcripción', 'Fichas', 'Ayuda', and 'Contacto'. The main area contains a form for recording oral history data, with fields for 'Título', 'Concello', 'Parroquia', 'Lugar', 'Ano', 'Tema', 'Subtema', 'Gravación por', 'Transcripción por', 'Ficha', and 'Comentarios'. Below the form is a table for 'Informantes' with columns for 'Sexo', 'Idade', and 'Profesión'. The right side of the interface shows a 'Transcripción en galego normalizado' window with a text area containing a transcription of an oral history recording. The transcription is in Galician and discusses the Civil War and the post-war period.

c) Páxina web de AGO

Un dos principais obxectivos do proxecto *Arquivo do Galego Oral* é achegarlle ao público o material de que dispoñemos. Para acadalo, tratamos de buscar a maneira máis operativa e deseñamos un espazo onde estamos a pendurar as transcricións e os audios.

Despois de avaliar as características da plataforma que creamos, e en función das peculiaridades dos documentos que incluímos, continuamos facendo traballo de planificación para minimizar os posibles problemas que poidamos atopar no futuro. Neste ano fixéronse modificacións significativas, dado que buscamos a mellor fórmula para que os datos sexan accesibles e o manexo da información non lle presente complicacións a quen bote man dela.

Como resultado da planificación a que se fixo referencia antes e como presentación do contido incluído na base de datos mencionada, seguimos traballando na páxina web do proxecto AGO.

Paróquia: CAARIA (SAN XOÁN)
Lugar: Paróquia
Tema: Aculturativo e personais históricos
Subtema: A guerra civil e a peregrina
Nome: Idade: Nome do autor: null

Antes 9

A Zaqualga, depois de Zaqualga e ao porto de Lucerna, de Lucerna a Serra de Algaizne, depois ao castelo. O hospital de Zaqualga, castraria das Vobas é fronte da Serra de Algaizne e é muito mais condescendentes para presença de Terrell, pa'ce, pa' unha peregrina que se chamaa Santa Bárbara de Caldeir. Os cete nomes a Terrell, pasando Terrell, mas nico que se chamaa Mdozato Alto, é ali onde se encontra os restos. Terrell que vivia a Terrell e vivencia, mas de pouco a dia, em Terrell dentro de santidade de Nalad até o dia do ano, cercado, combatido. O dia do ano de santidade condescendentes primeiros. Levantando a Valtina.

Em Valtina estava o pital de San Miguel de los Bites. Depois, os que non ficamos nada finidos caridosos a trabalhar a Serra. Vobas a case sefiro e vobas o pital de San Miguel de los Bites. Depois outra vez voltamos a trabalhar, a trabalhar éiven, mas nica'la alora o cete, en Almeria, onde Xac...], onde Zaqualga, e ali onde viviamos por varios anos en tanto non se acabara a guerra. E ali acabara a guerra trancando com a casa. Nican.

A guerra en Valtina, en Valtina. Como viviamos pa' casa nicanos feroz pa' giti nican, que non nos daban nica a nica nica en ante. O arde o volume dei, a nica corria en ante.

Mu'la guerra nica encontra nica boa. E nica, nica, en Valtina encontraramos nica nica, que me vencia, o pital de San Miguel de los Bites, q'aba nica nica e a nica nica nica, como se chamaa], onde estavam os nica nica? E p'gruando os nica, que era de Castilla é poder habia que estava nica, en Oñacia. E p'gruando de onde era. Diferente q'aba de, de Oñacia, dican.

~ (De que parte de Oñacia?)

De Oñacia.

Araújo 12

Localización: BAH XOÁN DE LABRÓ (BAH XOÁN)

Tramo: Tréboles e produtos agrícolas

Subtramo: Vela e derivados

Xenere - idade: Muller 42 anos - traballo da casa

d) Dixitalización das gravacións

Como traballo previsto e imprescindible continuouse o proceso de dixitalización dunha parte importante do fondo do *Arquivo do Galego Oral*. Neste momento hai 2710 cintas dixitalizadas, das que 1153 pertencen a este ano 2010. Aí figuran as etiquetas correspondentes ás gravacións dos 122 concellos. Non se inclúen neste cómputo as gravacións que se doaron xa en formato CD ou en cinta pequena (pendentes) nin as novas incorporacións (ningunha en cinta).

Con este traballo de dixitalización xa temos en formato electrónico practicamente toda a sección do arquivo de comezos da década de 1990 á actualidade, sección que segue a incrementarse con doazóns de audios para depositar no AGO e con novas gravacións dos membros do equipo do proxecto. Por outra banda, vaise comezar a dixitalizar unha segunda sección (en proceso xa máis de 150 cintas), o subarquivo de textos da década de 1980, cuxo tratamento tamén urxe, debido á vulnerabilidade do soporte, e máis cando os audios teñen esa antigüidade.

En canto ao subarquivo de etnotextos da década de 1990 á actualidade, debemos indicar que pasou por este proceso de dixitalización a documentación de 301 concellos (122 novos en 2010). Como se indicou máis arriba, nesta sección tamén contamos con gravacións do galego falado nas comarcas estremeiras de Asturias, León e Zamora, que aínda están por fichar, como tamén as dos falares esencialmente galegos de Cáceres.

Para proceder á dixitalización dedicóuselle un tempo considerable á preparación dos envíos e á etiquetaxe das cintas cun sistema de numeración que impida a confusión. Ademais, vanse etiquetando todas cos topónimos completos de onde proceden. Comprobáronse de cada unha o lugar, a parroquia e o concello e cotexouse cadanseu nome co *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares* (Xunta de Galicia, 2003). Aproveitouse este traballo para ordenar alfabeticamente o fondo do *Arquivo do Galego Oral*.

1.2. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGa)

IP	Antón Santamarina (director) Francisco Fernández Rei (coord. equipo 1) Manuel González González (coord. equipo 2) Rosario Álvarez / Francisco Dubert / Xulio Sousa (coords. equipo 3)
MEMBROS DO EQUIPO	E1: Raquel Alonso Parada e Carme Hermida Gulías, coa colaboración de Ana García García e Rosa Mouzo Villar E2: Rosa Mouzo Villar e Rosario Álvarez E3: Verónica Rúa Garrido Informática: César Osorio Peláez, Xulio Sousa
FINANCIAMENTO	Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia A Fundación Pedro Barrié de la Maza cobre os gastos de edición dos volumes
PÁXINA WEB	http://ilg.usc.es/indices/

Durante este ano continuouse o traballo de incorporación de datos e revisión á base do ALGa. Ademais incorporáronse dúas nova ferramentas que permiten axilizar o traballo de inserción de datos e tamén o de consulta e revisión. Os materiais para os volumes sobre os que se está a traballar xa están todos introducidos e restan só 726 rexistros por cubrir do material non incorporado.

A revisión vaise realizando segundo se van necesitando os datos para a redacción das notas e a elaboración dos mapas. Na actualidade estase a traballar no desenvolvemento dunha aplicación que permita inserir a imaxes que figuran nos cadernos. Esta base de datos só é posible utilizada en acceso restrinxido dentro da rede no ILG, tanto para os investigadores do centro como para os visitantes.

Ao longo do ano 2010 realizáronse as seguintes tarefas de revisión da base de datos que incorpora toda a información dos cuestionarios e serve de base á cartografía: eliminación de rexistros duplicados, corrección de preguntas sen resposta, corrección de atribución a puntos erróneos, corrección de respostas adicionais (sen pregunta numerada no cuestionario), corrección de respostas non correspondentes ao punto enquisado (puntos secundarios), corrección de respostas sen tipo, atribución de integridade referencial á base de datos.

Tamén se realizaron traballos para a preparación da edición doa seguintes volumes: a) *Ser humano II* (R. Álvarez, X. Sousa, F. Dubert), completouse a redacción de notas e iniciouse a elaboración de mapas; b) *Léxico agrícola I* (M. González), continuáase coa redacción de notas; c) *Terra e plantas* (F. Fernández Rei), está practicamente rematado o traballo de corrección de notas e mapas.

Paralelamente, segundo o programado, no ano 2010 continuouse co deseño da web do proxecto e fundamentalmente coa sección dedicada ó arquivo de fotos. Realizouse a dixitalización dos negativos que aínda non foran tratados e incorporáronse este materiais a unha galería que na actualidade se está a clasificar (achéganse algunhas mostras das fotos). A páxina web está en probas no servidor do centro e será presentada ó público no inicio do ano.

Tamén dentro do proxecto *Altas Lingüístico Galego* rematouse de revisar este ano a base de datos vinculada á aplicación web que realiza buscas sobre as máis de vinte mil formas indexadas dos volumes do *ALGa* publicados ata a actualidade. As buscas nesta aplicación poden facerse sobre o conxunto de formas rexistradas como respostas [Formas] ou sobre o texto que figura como nome dos mapas [Nome do mapa]. As formas que aparecen en transcripción fonética nos volumes publicados convertéronse a ortografía convencional para facilitar as buscas. O dígrafo <gh> foi utilizado de acordo coas convencións adoptadas nos volumes publicados. A aplicación permite tamén obter unha lista ordenada de todos os mapas que contén cada un dos volumes.

1.3. ATLAS LINGUISTIQUE ROMAN (ALiR)

IP	Manuel González González (coord. comité galego)
MEMBROS DO EQUIPO	Xosé Afonso Álvarez Pérez
FINANCIAMENTO	O comité galego non conta con financiamento específico
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Participan no proxecto 31 universidades e organismos de investigación de toda Europa, dirixidos por Michel Contini (Univ. Stendhal de Grenoble)
PÁXINA WEB	http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/ALiR/alir.htm

Durante este ano continuouse coa actividade regular do proxecto, que pode artellarse nos seguintes eixos:

1. Elaboración de sínteses románicas: Manuel González elabora a síntese románica de *bleuet*, que reunirá e comentará as designacións da *Centaurea cyanus* en toda a Europa de fala romance. Será publicada no volume III do ALiR, dedicado ás plantas.
2. Elaboración de sínteses galegas. Estes documentos proporcionan ós investigadores do proxecto os datos referentes ó dominio lingüístico galego para os conceptos que está previsto estudar no ALiR. Actualmente, estanse elaborando sínteses relativas ó mundo vexetal e respondendo preguntas concretas solicitadas polos autores dalgunha das sínteses románicas en proceso de elaboración.
3. Participación de Manuel González no *Comité de Redaction* do ALiR, órgano clave na xestión do proxecto, que conta con importantes responsabilidades, como a organización dos volumes ou a revisión das sínteses románicas. Manuel González desprazouse o mes de xuño a Grenoble para estudar con outros membros do Comité de Redacción distintos problemas relacionados coa estruturación dos datos, e para revisar as sínteses románicas presentadas xa con carácter definitivo para o volume III.

Xa foran publicados 3 volumes da obra (1, 2a e 2b). Neste último, presentado no 2010 (se ben que con depósito legal do ano anterior), apareceron tres sínteses románicas (*alouette*, *merle*, *bousier*) redactadas por membros do comité galego do ALiR. Son innumerables as publicacións de xeolingüística románica nadas ó abeiro do proxecto do ALiR (ó que tamén, en certo modo, está vencellada a revista *Geolinguistique*) e elaboradas polo centenar de investigadores que, dun modo ou outro, participan e participaron na empresa. Algunhas delas poden consultarse na web arriba sinalada.

1.4. CARTOGRAFÍA LINGÜÍSTICA CONXUNTA DE MATERIAIS DO ALGa E DO ALEPG

IP	Xosé Afonso Álvarez (CLUL/ILG) João Saramago (CLUL)
MEMBROS DO EQUIPO	Rosario Álvarez Francisco Dubert Luísa Segura (CLUL) Gabriela Vitorino (CLUL)
FINANCIAMENTO	Sen financiamento específico
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Centro de Linguística da Universidade de Lisboa

Este proxecto formalizouse no 2009, como traballo en colaboración entre o Centro de Linguística da Universidade de Lisboa e o Instituto da Lingua Galega (USC).

O obxectivo do proxecto é a creación dun atlas que cartografe conxuntamente, nun mesmo mapa, datos galegos e portugueses referidos a diferentes aspectos da lingua, como o léxico, a fonética e fonoloxía ou a morfoloxía. Os mapas irán acompañados de comentarios sobre a vitalidade das designacións, a súa historia, relacións, etc. Os datos primarios proveñen do material fornecido por dous atlas lingüísticos emprendidos polas institucións colaboradoras, o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), parcialmente publicado, e o *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG), xa enquisado e actualmente en curso de edición.

Este estudo de conxunto, que toma conta dos dous países, sen deterse por causa da fronteira política, ofrecerá unha mellor representación das áreas lexicais, unha comprensión global dos mecanismos de circulación de palabras e a súa distribución co decorrer do tempo, a vitalidade (e movementos) nas isoglosas, esencialmente fonéticas, usadas tradicionalmente para confrontar galego e portugués, etc.

Durante o ano 2010, o equipo galego traballou na revisión dun documento que recolle os conceptos comúns ós dous atlas publicados, arredor de 800 correspondencias. Esa revisión permitirá dun lado establecer de forma definitiva a listaxe de preguntas compartidas por ALEPG e ALGa e, do outro, informar sobre aqueles itens de maior interese (pola abundancia de respostas, polos conceptos estudados, etc.) para integrar o corpus do proxecto.

Neste ano, presentouse a iniciativa no XXVI Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románica (Valencia) e apareceron diferentes publicacións con ensaios preliminares ou con estudos referidos á zona de fronteira entre Galicia e Portugal (*vide infra*).

Resultados: <http://www.clul.ul.pt/pt/investigacao/396-linguistic-cartography-of-galicia-and-portugal>

Publicacións derivadas:

- Álvarez Pérez, X. A. (2010): *E os da banda d'alá son máis estranxeiros ca os de Madri?* Estudo contrastivo de designacións galegas e portuguesas no campo semántico da gandaría. *Verba. Anuario galego de Filoloxía*, 37, pp. 57-88.
- Álvarez Pérez, X. A. (no prelo): "Sprachliches und sprachwissenschaftliches Material zur Untersuchung an der Grenze zwischen Galicien und Portugal", Endruschat, Annette / Ferreira, Vera: *Korpus- und Dokumentationslinguistik*, München: Meidenbauer.
- Álvarez Pérez, X. A. (no prelo): "A fronteira entre galego e portugués. A perspectiva portuguesa". H. Monteagudo (ed.): *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Álvarez Pérez, X. A. (no prelo): "Cartografía lingüística de Galicia e Portugal". *Actes del XXVI Congrès Internacional de Lingüística i Filologia Romàniques*.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso / Saramago, João (no prelo, 2012): "Áreas lexicais galegas e portuguesas: um novo olhar para a proposta de Cintra", *Estudis Romànics*, XXXIV.

1.5. ESTUDO DIALECTOMÉTRICO DAS VARIEDADES XEOLINGÜÍSTICAS DO GALEGO

IP Xulio Sousa Fernández

MEMBROS DO EQUIPO Rosario Álvarez Blanco | Francisco Dubert García | Marta Negro Romero



FINANCIAMENTO Ministerio de Ciencia e Innovación Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación

PROXECTO EN Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa

COOPERACIÓN Fachbereich für Romanistik - Universidade de Salzburg


O proxecto de estudo dialectométrico das variedades xeográficas galegas continuouse neste ano segundo o plan previsto. Os materiais correspondentes ós mapas fonéticos están introducidos e revisados. Este materiais foron empregados como fonte de datos para unha publicación do profesor F. Dubert. Por outra parte continuouse coa introdución dos materiais da parte de morfoloxía e léxico. Estes últimos materiais son os que están a presentar maior dificultade, xa que parte deles aínda non están introducidos na base de datos do *ALGa*. Na actualidade a base conta cos seguintes materiais:

GRUPO	Nº DE MAPAS	ESTADO
Fonética	284	Revisada
Morfoloxía	194	Sen revisar
Léxico	672	Sen revisar



1.6. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS

O proxecto *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* pretende integrar nun único banco de datos informático materiais lexicográficos con referenciación xeográfica procedentes de distintas fontes: corpora obtidos en traballos de campo, materiais dispersos en obras dialectais, vocabularios de falas, etc. Moitos destes materiais están inéditos e por iso son dificilmente accesibles para a comunidade científica. O proxecto está coordinado desde o Instituto da Lingua Galega (IP Rosario Álvarez); nel participan tres comités, galego, portugués e brasileiro.



O obxectivo é crear unha gran base de datos, en acceso libre a través de Internet, con toda a información organizada en lemas, que agrupan as distintas variantes de cada lema (fónicas, morfolóxicas). Os lemas están clasificados semanticamente e dáse a posibilidade de coñecer todos os lemas rexistrados para expresar un concepto. A consulta permitirá non só localizar os lemas e variantes nas distintas fontes, senón obter fielmente en pantalla toda a información bibliográfica e lexicográfica contida nas obras orixinais: autor, título, data, páxina...; formas, categorías, definicións, localización, etnografía, imaxes, usos, fraseoloxía, prexuízos lingüísticos... Desde o punto de vista lexicográfico deséñase como un gran dicionario de dicionarios, non como unha simple agregación de glosarios independentes. A presentación permitirá tamén obter a cartografía automática das variantes e dos lemas seleccionados (Galicia, Portugal, Brasil), de forma que axudará a coñecer a distribución xeográfica das formas.

Unha descrición máis pormenorizada do proxecto pode verse en Álvarez, Rosario / Xosé Afonso Álvarez Pérez / João Saramago / Xulio Sousa (2009): "Presentación de un corpus digital de léxico tradicional: *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*", *Fonetică și Dialectologie* 28, 5-19 [ISSN: 0071-6855].

a) Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués. Banco de datos electrónico (corpus galego) e cartografía automática

IP	Rosario Álvarez Blanco
MEMBROS DO EQUIPO	María Álvarez de la Granja Xosé Afonso Álvarez Pérez (CLUL / ILG) Francisco Fernández Rei Silvia Figueiredo Brandão (UFRJ) Ernesto Xosé González Seoane María Pilar López Suárez Mónica Martínez Baleirón (IES A Pobra de Trives) Rosa Mouzo Villar Marta Negro Romero César Osorio Peláez Xandra Santos Palmou (Univ. Salamanca / ILG) João António das Pedras Saramago (CLUL) Xulio César Sousa Fernández
FINANCIAMENTO	Ministerio de Ciencia e Innovación, FFI2009-12110, para o período 2010-2012
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Centro de Linguística da Universidade de Lisboa. Universidade Federal do Rio de Janeiro

O equipo galego conseguiu financiamento do MICINN para o período 2010-12. A axuda vai dirixida á contribución galega dentro do proxecto xeral, concretada como “Banco de datos electrónico (corpus galego) e cartografía automática”. Os traballos programados para este trienio son: deseño e xestión da base xeral; volcado dos datos galegos previstos para a primeira fase (monografías dialectais, teses, tesíñas e traballos análogos); lematización e tratamento lexicográfico; deseño informático da presentación e cartografía; publicación en rede e en aberto dos resultados.

Durante o primeiro ano de execución, avanzaouse na confección dun “inventario de fontes”, que se concibe como un servizo no que estean recollidas e clasificadas as referencias bibliográficas das obras que achegan información léxica con localización xeográfica. Completouse o deseño da base de datos, a mesma que está sendo usada polo equipo equivalente portugués e nas fases preliminares da rede de equipos que se está formando no Brasil. Discutiuse e perfeccionouse o protocolo metodolóxico para a manipulación e volcado dos datos, ata obtermos unha versión que se pode considerar definitiva. Está feita a copia das obras da primeira fase e realizadas as táboas de Excel a partir dos textos, previas ás táboas co tratamento metodolóxico esixido polo proxecto. Está avanzada a confección do prototipo, que esperamos presentar na primeira parte de 2011.

b) TEDIPOR: Tesouro Dialectal Português

IP	João António das Pedras Saramago (CLUL)
MEMBROS DO EQUIPO	Clarinda de Azevedo Maia (CELGA) Isabel María de Almeida Santos (CELGA) Carmen de Castro Duarte (CELGA) Gabriela de Oliveira Vitorino (CLUL) Maria José Simões Pereira de Carvalho (CELGA) Sandra Maria de Brito Pereira (CLUL) Xosé Afonso Álvarez Pérez (CLUL / ILG)
CONSULTORAS	Silvia Figueiredo Brandão (UFRJ) Rosario Álvarez Blanco (ILG)
COLABOREDORES	César Osorio Peláez (informática, ILG) Xulio César Sousa Fernández (ILG)
FINANCIAMENTO	Fundação para a Ciência e a Tecnologia. Ministério de Ciência, Tecnologia e Ensino Superior (Portugal) PTDC/CLE-LIN/102650/2008. 2010-2012
PROXECTO EN COOPERACIÓN	CELGA. Universidade de Coimbra ILG. Universidade de Santiago de Compostela Dpto. de Letras Vernáculas da Universidade Federal do Rio de Janeiro

Ao mesmo tempo, o equipo portugués conseguiu financiamento público da Fundação para a Ciência e a Tecnologia. Ministério de Ciência, Tecnologia e Ensino Superior (Portugal), para o desenvolvemento dos seus traballos no período 2010-12. O comité portugués está formado por investigadores do CLUL (Univ. de Lisboa) e investigadores do CELGA (Univ. de Coimbra), e integra no seu equipo, en distintos niveis, dous investigadores do ILG; ademais, colaboran neste proxecto César Osorio (informático) e Xulio Sousa, que asisten de forma permanente aos traballos.

O equipo de TEDIPOR traballa coordinado co galego, desde onde recibe instrucións organizativas, asesoría científica e apoio informático. Os protocolos son discutidos desde ambas as partes e os problemas son resoltos conxuntamente, nun intercambio continuo de información e opinión.

c) Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Português: Brasil

En 2009 comezaron as conversas para crear unha rede de investigadores eu se fixese cargo da parte brasileira do proxecto. Despois dunhas sesión preliminares da profesora Silvia Brandão (UFRJ) en Santiago de Compostela e dunha viaxe de Rosario Álvarez e Xulio Sousa a diversos centro brasileiros (financiamento da AECID, como proxecto de cooperación internacional), quedaron sentadas as bases para esa colaboración.

En 2010 inscribiuse o equipo brasileiro no directorio dos *Grupos de pesquisa do CNPq* (<http://dgp.cnpq.br/buscaoperacional/>), como paso previo á solicitude de financiamento público. Baixo a coordinación das profesoras Silvia Brandão (UFRJ) e Vanderci Aguilera (UEL), organízanse por rexións 26 investigadores e 21 estudantes (formación de investigadores), de 19 universidades ou institucións públicas de ensino superior. Márcanse os nomes dos investigadores que actúan como coordinadores dunha rexión ou parte dela.

REXIÓN	NOME	UNIVERSIDADE
CENTRO-OESTE	Aparecida Negri Isquerdo	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Albana Xavier Nogueira	Univ. Federal de Mato Grosso do Sul / UNIDERP
	Ana Karla Pereira de Miranda	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Daniela de Souza Silva Costa	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Elizabete Aparecida Marques	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Juliana Cansanção	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Juliany Fraide Nunes	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Letícia Alves Corrêa de Oliveira	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Luciene Gomes Freitas Marins	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Paola Mahyra de Oliveira Carvalho	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Patricia Rojas Lopes	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Priscila do Nascimento Ribeiro	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Thyago José da Cruz	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Vanessa Cristina Martins Benke	Universidade Federal de Mato Grosso do Sul
	Marigilda Antônio Cuba	Universidade Federal de Mato Grosso
SUR	Vanderci de Andrade Aguilera	Universidade Estadual de Londrina
	Fabiane Cristina Altino	Universidade Estadual de Londrina
	Ana Paula Yairo	Universidade Estadual de Londrina
	Helen Cristina da Silva	Universidade Estadual de Londrina
	Jonas Passos da Silva	Universidade Estadual de Londrina
	Márcia Luciana Dei Tós	Universidade Estadual de Londrina
	Rafael Silva Rodrigues	Universidade Estadual de Londrina
	Valter Pereira Romano	Universidade Estadual de Londrina
	Ênio José Toniolo	UNESP/ Universidade Estadual de Londrina
	Felício Wessling Margotti	Universidade Federal de Santa Catarina
NORDÉS	Maria do Socorro Silva de Aragão	Univ. Federal do Ceara / Univ. Federal da Paraíba
	Katia Cilene David da Silva	Universidade do Estado do Rio Grande do Norte
	Marinalva Freire da Silva	Universidade Estadual da Paraíba
	Antonio Luciano Pontes	Universidade Estadual do Ceará
	Jamyle dos Santos Monteiro	Universidade Estadual do Ceará
	Josete Marinho de Lucena	Universidade Federal da Paraíba
	Maria Elias Soares	Universidade Federal do Ceará
	Maria Erotildes Moreira e Silva	Universidade Federal do Ceará
	Maria Silvana Militão de Alencar	Universidade Federal do Ceará
	Mirna Gurgel Carlos da Silva	Universidade Federal do Ceará
	Conceição de Maria de Araújo Ramos	Universidade Federal do Maranhão
	José de Ribamar Mendes Bezerra	Universidade Federal do Maranhão
	Maria de Fátima Sopas Rocha	Universidade Federal do Maranhão
	Samantha de Moura Maranhão	Universidade Federal do Piauí
NORTE	Abdelhak Razky	Universidade Federal do Pará
	Luciana Chedid Melo Borges	Universidade Federal do Pará
	Marilúcia Barros de Oliveira	Universidade Federal do Pará
SUESTE	Silvia Figueiredo Brandão	Universidade Federal do Rio de Janeiro
	Irenilde Pereira dos Santos	Universidade de São Paulo
	Rita de Cássia da Silva Soares	Faculdade Taboão da Serra
	Roseli da Silveira	Inst. Fed. Educação, Ciência e Tecnologia S. Paulo
	Márcia Regina Teixeira da Encarnação	Universidade Estadual de São Paulo
	Adriana Cristina Cristianini	Universidade Bandeirante de São Paulo

En 2010 fixéronse os primeiros ensaios para adestrar os investigadores brasileiros no uso do protocolo elaborado e acordado polos equipos galego e portugués, a partir de obras seleccionadas polas coordinadoras en Londrina e no Rio de Janeiro. Desde agosto de 2010, a investigadora Mirna Gurgel Carlos da Silva (UFC) está en Santiago de Compostela nun intercambio Erasmus Mundus; de forma complementaria ao obxectivo principal deste programa, foi acollida no seo do ILG onde participou de maneira regular no proxecto do *Tesouro*, verquendo datos de atlas lingüísticos xa publicados da rexión Nordés. Grazas a iso, puidemos avanzar na elaboración do protocolo particular para o tratamento de datos procedentes dese tipo particular de fontes.

1.7. PROXECTO DE ELABORACIÓN E EDICIÓN DOS MATERIAIS DO ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA (ALPI)

IP Xulio Sousa Fernández

MEMBROS DO EQUIPO David Rodríguez Lorenzo | Rosa Mouzo Villar

PROXECTO EN COOPERACIÓN Centro de Humanidades y Ciencias Sociales, CSIC

Neste ano 2010 o equipo galego colaborador do proxecto internacional de edición e elaboración dos materiais do Atlas Lingüístico de la Península Ibérica continuou co traballo de introdución e revisión dos materiais á base de datos. A maior parte dos materiais galegos xa foron incorporados á base de datos e na actualidade estase a facer unha revisión xeral. O equipo traballa sobre unha base de datos en liña que foi deseñada no Centro de Humanidade y Ciencias Sociales (CISC). O investigador responsable do equipo galego colaboraou nesta tarefa e ademais encargouse da revisións dos sistemas de transcripción.

O traballo desenvolvido polo equipo galego deu lugar a algunhas publicacións derivadas:

- Mouzo Villar, R.: *Os clíticos de terceira persoa en galego e asturiano*, Traballo de investigación tutelado, USC, 2010.
- Sousa, Xulio: «Entre el atlas lingüístico y el diccionario. Un diccionario de léxico tradicional a partir de los materiales del ALPI», en Ignacio Ahumada (editor): *Metalexicografía variacional. Diccionarios de regionalismos y diccionarios de especialidad*, Málaga, Universidad de Málaga, 2010, 237-256.
- Sousa, Xulio: «El estudio de la variación espacial de las lenguas: personas, lugares y palabras» en Germà Colón Domènech / Lluís Gimeno Betí (eds.): [pendente de título], Castelló, Universitat Jaume , 2010.



Mapa dos puntos de enquisa do ALPI, vol I.

1.8. TRANSCRIPCIÓN DOS TEXTOS ORAIS DO ARQUIVO ETNOGRÁFICO DO PROFESOR GUSTAV HENNINGSEN


IP Xulio Sousa Fernández

MEMBROS DO EQUIPO David Rodríguez Lorenzo | Sandra Vázquez Núñez

FINANCIAMENTO Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario Galego, Axuda para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas

En 2009 o etnógrafo dinamarqués Gustav Henningsen dooulle ó Instituto da Lingua Galega unha importante colección de gravacións realizadas en distintos lugares de Galicia entre os anos 1965 e 1968. Estes rexistros corresponden a un traballo de investigación sobre crenzas tradicionais, especialmente sobre meigas e endemoñados, subvencionado pola Universidade de Copenhague e o Consello Danés de Investigacións Científicas.

Os materiais doados ó ILG (máis de 150 horas de gravacións) ofrecen unha interesante fonte de información sobre a lingua e a sociedade galega dos anos sesenta do século pasado. Entre estes materiais recóllese tamén unha boa cantidade de lendas tradicionais e cantigas populares. Neste ano 2010 iniciouse o traballo de catalogación e transcripción das gravacións. Actualmente están xa catalogadas todas as gravacións e comezouse a transcripción. Para este labor estase utilizando o programa EXMARaLDA (<http://www.exmaralda.org/>), acrónimo de «Extensible Markup Language for Discourse Annotation». Este sistema ofrece unha serie de ferramentas que facilitan o traballo de transcripción de textos orais e permiten a rápida e fácil incorporación dos materiais a un corpus anotado. Os materiais deste corpus serán utilizados polos investigadores do ILG para realizar distintas investigacións lingüísticas.



Editor de transcripción (*Partitur Editor*)

2. Sección de edición de textos

2.1. EDICIÓN DE COLECCIÓN DIPLOMÁTICAS DOS MOSTEIRO GALEGOS

IP	Ramón Lorenzo Vázquez
MEMBROS DO EQUIPO	M ^a Carme Pérez González
FINANCIAMENTO	Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

O obxectivo deste proxecto é a edición diplomática de coleccións documentais completas procedentes de mosteiros galegos. O traballo realízase na sección de Historia da Lingua, baixo a dirección de Ramón Lorenzo.

Durante o ano 2010, o traballo de edición dos fondos documentais do mosteiro de Oia (Pontevedra) desenvolveuse, coma adoito, en catro liñas complementarias:

- Primeira lectura e transcripción das fontes: 35 documentos novos lidos neste ano.
- Relectura de corrección para cotexar datos e estilos dos diversos notarios e completar lecturas dubidasas: 99 documentos durante o 2010. Esta relectura non é lineal, pois consiste nunha continua revisión dos documentos xa transcritos utilizando os datos que van xurdindo ao transcribir os novos.
- Edición das imaxes dos documentos dixitalizados: 44 imaxes tratadas.
- Baleirado dos datos relevantes de cada documento nunha base de datos.

Ademais proseguíuse coa localización dos documentos xa editados coa finalidade de cotexar as lecturas propias e evitar as lagoas producidas por documentos perdidos, fotocopias mal clasificadas, etc. Tamén se traballou na localización dos documentos orixinais co propósito de completar a colección e o uso dos microfilmes para depurar as nosas lecturas. Dado o mal estado de conservación da documentación deste mosteiro e o seu gran volume da documentación (uns 1288 documentos), o ritmo de lectura e fixación do corpus é moi lento. Quedan uns 101 documentos por editar, dos cales 116 están aínda por transcribir e o resto por releer.

Canto á documentación do mosteiro de Montederramo, de inminente publicación, revisouse a maquetación e índices dos volumes correspondentes.



1404, marzo, 3. Oia.

O mosteiro de Oia permuta con Martiño Eanes e con súa muller unha herdade que foi viña na Poza, en Pazó de Iusao, un tallo de herdade no Pomar, en Tabagón, por unha leira de herdade na Merca das Bouzas, na veiga de San Miguel.

A. H. N., Clero, Carpeta 1839, doc. n.º 16.

Ano¹ do nacemento de noso señor Ihesucristo de mijll² & quatrocentos & quatro anos³, tres días do mes de marzo. Sábam⁴ quantos esta / carta de canbea viren como nós, don frey Gonçaluo da Silua, abbade do mosteiro de Santa María d'Oya, da Orden de Çistel, do bispado de / Tui, con o conuento
 5 dese meesimo lugar⁵, see[n]do⁶ todos juntados en noso cabido⁷ por som⁸ de carpas⁹ tanjuda, segundo que he¹⁰ / de noso huso & custume, especialmente para esto que se adeante segue, damos en canbea & por nome de canbea, disem'a Deus, / sen foro & trabuto nenhũu, a uos, Martiño Eanes & a uosa moller Marina Peres, conuen'a saber: a nosa erdade que foi viña, que jas en
 10 Paa'ção¹¹ de Iusão, hu chamam¹² A Poça, que parte da hũa parte con erdade dos Rrouboes, & da outra parte entesta en viña de / Tarvia Dominges; jtem uos damos máys hũa tallo de erdade en Tabagón, hu chamam¹³ O Pomar, que foi de Vicente, que parte da hũa parte con viña de / Johan Durães, & da outra con / O Feal de Domingo Eanes. E eu, dito¹⁴ Martiño Eanes, con
 15 outorgamento de miña moller Marina Peres, que non está presente / ne outorgante, polla qual eu obrido todos meus bees a lo faser outorgar & mer por firme & estául para todo sempre, dou / en canbea uos, dito¹⁵ abbade & conuento para o dito¹⁶ uoso mosteiro, hũa leira de erdade em a veiga de San Migell, hu chamam¹⁷ A... / Merca das Bouzas, que parte da hũa parte con
 20 erdade d'Oya, & da outra con erdade da candeia de San Migell; a qual dita¹⁸ / erdade uos dou disem'a Deus, sen foro & trabuto nenhũu. Con a qual dita¹⁹ canbea, as ditas²⁰ partes prometeron de emparar / & defender hũus aos outros de quenquer que le sobre ello ou en parte delo embargo quiser faser. Feito emmo / mosteiro d'Oya, era & mes & días sobreditos²¹. Tactemoyas que
 25 presentes foron: frey Aluaro, Gonçaluo Martis, frey Johan Rruveo, Johan de Uigo / & outros. Et eu, Gonçaluo Afonso, notario público jurado da uilla da Guarda & de seu alfoz pollo bispo & cabido²² de Tui, a esto todo presente fui & aquí meu nome & sinal pugi, que tal he / SIGNO²³.

¹ Con trazo sobre a palabra.

² Utiliza a abreviatura de *er* co valor de *r*.

³ Falta no ms.

⁴ Esta abreviado *dco*.

⁵ Esta abreviado *dco*.

⁶ Esta abreviado *dco*.

⁷ Esta abreviado en *dco*.

2.2. EDICIÓN DE TEXTOS DAS PRIMEIRAS DÉCADAS DO SÉC. XIX

IP Ramón Mariño Paz | Damián Suárez Vázquez (IES Fontiñas)

FINANCIAMENTO Sen financiamento específico

No ano 2008 publicamos un volume que contén todos os textos da época coñecidos ata aquel momento, acompañados de cadansúa ficha con información bibliográfica e encadramento histórico. Referímonos ao libro *Papés d'emprenta condenada*. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I), editado polo Consello da Cultura Galega e coordinado por Rosa Aneiros Díaz; a edición dos textos, fichas introdutorias e notas son da autoría de Ramón Mariño Paz (ILG), as notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández. Ao longo dos anos 2009 e 2010 proseguíuse o traballo de busca, catalogación e edición de textos daquela época que aínda non tiñamos rexistrados. Na actualidade podemos dicir que existe xa unha edición case rematada deses novos textos realizada por Ramón Mariño Paz e Damián Suárez Vázquez. Os novos textos atopados no 2010 son os seguintes:

UN LABRADOR QUE FOY SARXENTO Á OS SOLDADOS DO NOBO ALISTAMENTO
(s. d.) [1808 ou 1809]

«Las funciones, y el papel que hace Tirabeque», Fr. Gerundio 185 (8/10/1839), pp. 37-40.

A edición dos novos textos complétase, coma nos Papés de 2008, cunha sección de pezas breves, entre as que se encontran as coplas en galego incluídas no impreso anónimo *Categorías de la parte físico-moral con relacion al hombre público, o sea anatomía racional de los miembros, que componen el Ayuntamiento constitucional de la Habana, en el presente año de 1821* (Habana: Imprenta Fraternal de los Diaz de Castro, impresores del Consulado nacional, 1821).

A peza «[Amigo da miña alma]», recollida nun manuscrito do Archivo Histórico Nacional (AHN) que contén textos elaborados no período traballado, puido ser datada finalmente no ano 1777, polo que será obxecto de edición e estudo en volume á parte que están a preparar os membros do proxecto coa colaboración da historiadora Margarita Sánchez Yáñez.

Durante o ano 2010 traballamos tamén na preparación do volume en que se recollerá non só esta edición de novos textos, senón tamén as comunicacións presentadas ao simposio Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea (Santiago de Compostela, 2009) e algún outro traballo. Prevemos que este volume apareza no ano 2011, publicado conxuntamente polo Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega.

2.3. MARTÍN SARMIENTO. OBRA COMPLETA

IP Henrique Monteagudo Romero

MEMBROS DO EQUIPO Serafín Alonso Pintos (IES Abrente, Ribadavia) | Xosé Antón López Silva (IES Porto do Son) |
Silvia Viso Pérez | Concepción Varela Orol (UdC)

FINANCIAMENTO Convenio de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela

PROXECTO EN COOPERACIÓN Consello da Cultura Galega

PÁXINA WEB www.consellodacultura.org/sarmiento/

Por medio dun equipo interdisciplinario de especialistas, o proxecto *Martín Sarmiento. Obras completas* acomete desde 2002 a tarefa de recuperación e edición da obra escrita de Sarmiento. Este traballo abrangue a dixitalización, transcripción e estudo do seu legado, ademais da elaboración dun rexistro exhaustivo de fondos manuscritos.

Ata a posta en marcha do noso proxecto, se se fixese unha estimación, poderíase calcular que a obra publicada de Sarmiento non superaba unha quinta parte do total que nos legou, fundamentalmente pertencente aos terreos filolóxico e humanístico. Así, da súa obra máis extensa (*Obra de 660 pliegos*), que ocupa cinco volumes da Colección Medina Sidonia, só foran publicados uns poucos fragmentos. No tocante a esta Obra, no momento actual están listos para entrar no prelo os volumes 1 e 5.

En 2010 avanzouse na consolidación da *Guía de fondos* da obra de Martín Sarmiento, <http://consellodacultura.org/sarmiento/localizacion-dos-fondos/>, unha ferramenta da máxima relevancia na medida en que parte dos fondos que chegou ata os nosos días está espallada en distintos arquivos e bibliotecas. Esta guía constitúe un dos obxectivos centrais do proxecto xa que permite calibrar a difusión que atinxiron estes textos nos círculos letrados e tamén porque se trata dunha información básica á hora de traballar na edición dos seus escritos.

Do mesmo xeito continuouse a traballar, con novas achegas, na elaboración do Roteiro Sarmiento na provincia de Pontevedra, que será incorporado proximamente aos *Roteiros da Cultura Galega*. Trátase dunha aplicación web para explorar o país en clave cultural con viaxes temáticas ao redor do noso territorio en soporte tecnolóxico: www.culturagalega.org/roteiros/index.php. Na elaboración deste roteiro, de gran proxección nos eidos turístico e cultural, son obxecto de especial atención as dúas viaxes de Sarmiento a Galicia (1745 e 1754) así como infinidade de datos espallados na *Obra de 660 pliegos* e na súa correspondencia persoal.

Tal e como se ten sinalado en anteriores ocasións, e sabedores da pertinencia que a páxina web www.consellodacultura.org/Sarmiento no labor de difusión do proxecto, esta foi ampliada dun xeito notable coa incorporación de distintos materiais. O progresivo desenvolvemento desta ferramenta está guiado pola dupla natureza —divulgativa e científica— do proxecto. A web estrutúrase en tres grandes bloques: un biográfico, de carácter divulgativo, acompañado dunha fotogalería con imaxes relativas ao contexto vital e intelectual de Sarmiento; outro de bibliografía, primaria e secundaria, orientado a especialistas investigadores, desde o que mesmo se pode acceder a artigos e traballos de investigación sobre o autor; e un terceiro que acollerá a colección documental dos textos que se están a editar, coa reprodución dixital da edición impresa e dos manuscritos. A continua incorporación de material e de referencias bibliográficas sobre a figura e a obra de Sarmiento converte a páxina nun punto de partida ineludible para calquera investigador ou curioso. Este ano continuouse acrecentando o apartado “Escritos varios e dispersos”, que ofrece a posibilidade de acceder a títulos de Sarmiento, cartas e escritos varios de diferente natureza, que fan referencia á vida ou á obra do erudito bieito, algúns deles inéditos e outros publicados por primeira vez en revistas ou xornais. O conxunto de publicacións que acolle este apartado destaca pola súa heteroxeneidade, acorde coa diversidade de ramas do coñecemento que abrangue a obra sarmentina.

Tamén ao longo de 2010 se levaron a cabo distintos labores de transcrición, estudo e investigación, entre eles:

- Transcrición e estudo do autógrafo «Sobre el archivo de Celanova», adquirido polo Museo de Pontevedra.
- Transcrición dos extractos de distintos códigos manuscritos e impresos do volume II da Colección Medina Sidonia, concretamente do escrito 2 [147r-586v]: *Noticia de Varios Códices Ms^{tos}. è imprèsos, y observaciones hechas por el P^e. Maestro Sarmiento en su letura. Por Alfabèto de los Apellidos. 50 Pliegos*.
- Realización dunha comunicación sobre frei Martín Sarmiento e a poesía épica latina, en particular Virxilio e Lucano, que será presentada no XIII Congreso da SEEC que terá lugar en Logroño en xullo do 2011. Título provisional: « Interrelacións entre Ilustración española e épica latina. Sarmiento e as súas aproximacións a Virxilio e Lucano».

Publicacións derivadas:

- Henrique Monteagudo / Silvia Viso (2009) : «Índice das obras de Frei Martín Sarmiento na Colección Medina Sidonia», *Boletín da Real Academia Galega* nº 370, páxs. 179-229.

Este traballo sae á luz coa convicción de que a edición do Índice completo e crítico da Colección Medina Sidonia é unha ferramenta básica, de grande utilidade, para os estudosos da obra de Martín Sarmiento, sobre todo, tendo en conta que a súa difusión foi en boa parte só manuscrita ata os mediados do sécu-

lo XIX, coas conseguíntes variantes canto a títulos e identidade de cada un dos escritos. Ademais da publicación do índice completo da Colección Medina Sidonia, a fonte principal para a posterior difusión (fundamentalmente manuscrita) da obra sarmentina realízase unha pequena presentación das fontes máis importantes para o establecemento do inventario das súas obras, ultimado no proxecto e que daremos a coñecer proximamente: o Catálogo de los pliegos, debido á pluma do propio autor; o “Índice de las obras”, que en principio remite á dita Colección Medina Sidonia, pero do que existen varias versións, ningunha delas coincidente de xeito rigoroso co contido actual desta Colección e a “Cronología de los escritos”, realizada orixinalmente polos copistas da amentada Colección.

- Xosé Antón López Silva (2010): «O manuscrito 1-21 do Fondo Sarmiento do Museo de Pontevedra, unha achega filoloxica», *Revista do Museo de Pontevedra*. Na actualidade no prelo.

2.4. TRANSCRICIÓN PALEOGRÁFICA DE OBRAS MEDIEVAIS

IP Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO Mariña Arbor Aldea | María Xosé Carrera Boente | Ramón Mariño Paz | Paulo Martínez Lema | Ricardo Pichel Gotérrez | Lucía Doval Iglesias | Iria Pérez Mariño | Raquel Rodríguez Parada

FINANCIAMENTO Sen financiamento externo específico

Este proxecto ten como finalidade realizar a transcripción paleográfica dos monumentos lingüísticos galegos medievais. Nunha primeira fase abordáronse as obras literarias, históricas, técnicas, relixiosas e xurídicas; nestes momentos está en marcha a edición de obras e coleccións de carácter notarial.

Cada obra conta cun arquivo propio, no que se reúnen imaxes dixitalizadas dos manuscritos e a súa transcripción paleográfica. Sobre esta base elaboráranse, cando sexa necesario, edicións interpretativas a partir das cales se poderán facer outros estudos lingüísticos. Están transcritas ou en vías de transcripción 22 obras ou coleccións documentais.

No ano 2010 centrouse a actividade en dous focos:

- Continuación da revisión da transcripción dos catro códices das Cantigas de Santa María.
- Inicio da transcripción do Tombo 1º do mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes (AHN 977).
- Preparación de materiais e criterios para a transcripción do Cartulario da confraría de San Xoán Bautista de Pontevedra e dunha escolma de documentación da Colexiata de Santa María de Sar (Santiago de Compostela).

Publicacións derivadas:

- Martínez Lema, Paulo / Pichel Gotérrez, Ricardo: «Documentación romance no Tombo de Toxos Outos: edición filolóxica e estudo toponímico», *Moenia*, 15, pp. 207-231.

- Pichel Gotérrez, Ricardo: *Fundación e primeiros séculos do mosteiro bieito de Santo Estevo de Chouzán*: (sécs. IX-XIII). Noia: Toxosoutos.

3. Sección de fonética e fonoloxía

3.1. AMPER GALICIA

IP	Elisa Fernández Rei
MEMBROS DO EQUIPO	Francisco Dubert Noelia Engroba Vidal Carolina Pérez Capelo Xosé Luís Regueira Lidia Teixeira Natalia Vázquez Susana Suárez Recouso Alba Rozas Arceo
FINANCIAMENTO	Parcialmente financiado polo MEC (tres bolsas de colaboración) e polo grupo de investigación Grupo de Investigación <i>Lingüística e Filoloxía Galega</i> de la Universidad de Santiago de Compostela (GI-1743).
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Université Stendhal-Grenoble III Università degli Studi di Torino Participan outras 28 universidades e centros de investigación do resto de Europa e de Sudamérica (dúas italianas, un centro francés, 3 portuguesas, 9 españolas, 1 romanesa, 1 noruega, 7 brasileiras, 1 venezolana, 2 arxentinas e 1 chilena)
PÁXINA WEB	http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/amper.htm http://amper.limsi.fr/

Durante o 2010, seguíronse realizando gravacións para completar a nosa base de datos: Ribeira, Ribadeo e Camelle (en todos os casos, informantes masculinos). Continuamos a análise dos datos xa recollidos, de xeito que se levou a cabo a análise parcial dos homes da Fonsagrada, O Grove e Ribadeo; e completouse a análise das mulleres de Cospeito, Lalín, O Barco, Lobios, Oia, A Fonsagrada e A Mezquita, e dos homes de Cangas, Lalín, Carballo, Camelle e Oia.

Parte do resultado deste traballo pode verse na páxina web do proxecto, onde se poden consultar os datos (sonoros e gráficos) das falantes de Camelle, Carballo, O Grove, Ribadeo e O Incio, así como do home do Incio.

Por segundo ano consecutivo contamos coa colaboración de alumnas do último curso de Filoloxía Galega, grazas ao financiamento do MEC e da Xunta de Galicia.

3.2. BASE DE DATOS "SPEECH-DATA" EN GALEGO

IP Manuel González González

FINANCIAMENTO Empresa financiadora: TECNOCOM Telecomunicaciones y energía, S.A. 2007-2010

PROXECTO EN Tecnocom

COOPERACIÓN Universidade de Vigo

O proxecto procura elaboración dun corpus oral da lingua galega, etiquetado, recollido por vía telefónica, para o adestramento e verificación de sistemas de recoñecemento de voz en galego, e de maneira especial os recoñecedores de fala continua, multiusuario e multitarefa.

Segue as especificacións *SpeechDat*, proxecto promovido pola Unión Europea coa idea de lograr unha certa estandarización na recollida, representación e anotación de córpora orais.

A Base de datos está realizada sobre un macrotexto amplo e representativo do idioma, cun control exhaustivo de todo o material, tanto desde o punto de vista do respecto rigoroso das especificacións *SpeechDat*, como desde a perspectiva de obter unha base de datos compensada foneticamente, cun número suficiente e equilibrado de unidades de adestramento.

A finalidade da utilización desta base de datos Speech-Dat por parte da empresa Telecom é a de adestramento do seu sistema de recoñecemento de voz para o galego, que está realizando baixo os auspicios da empresa italiana *Loquendo*.

A base de datos está enfocada cara a sistemas multilocutor, polo que se esixe unha ampla variedade de mostras procedentes de moitas persoas. Nos sistemas multilocutor as taxas de erro son moito maiores ca nos monolocator, debido á gran variabilidade da fala. Dunha fiable etiquetaxe desta variabilidade, tanto debida a falantes distintos como a producida por distintas realizacións dun mesmo falante, vai depender en boa medida a calidade do recoñecemento. Á parte da variabilidade, e en relación coa pluralidade de falantes, unha característica fundamental desta base de datos é a naturalidade, característica importantísima xa que a maioría das voces das que terá que dar conta o sistema de recoñecemento non pertencerá a profesionais adestrados previamente, senón que corresponderá a falantes normais.

3.3. DICCIONARIO FONÉTICO GALEGO

IP Xosé Luís Regueira Fernández

MEMBROS DO EQUIPO Carme García Rodríguez | Carme Hermida Gulías | Xosé Pérez Sardiña (UVigo) | Xulio Sousa Fernández

COLABORADORES Antón López Dobao (CRTVG) | Carme Vidal Reimúndez (Xunta de Galicia)

FINANCIAMENTO Sen financiamento externo

O proxecto *Diccionario fonético galego* inscríbese na liña de traballo que trata de fornecer pautas para un modelo estándar da lingua galega oral.

Consiste na presentación de propostas de pronuncia das palabras que figuran no VOLGa, incorporando algunhas variantes e os femininos correspondentes. Para iso, elaboráronse uns criterios sobre cal debería ser a forma do galego estándar, tomando en consideración tanto datos lingüísticos coma sociolingüísticos. Á hora de aplicalos foi necesario investigar a forma fónica de varios miles de palabras, tanto por medio da consulta de toda a información fonética dispoñible coma por medio de enquisas realizadas a galegofalantes procedentes de diferentes puntos de Galicia.

Este diccionario, por tanto, presenta unhas propostas de pronuncia modelo, que poden ser de utilidade e aplicación nos medios de comunicación falados, no ensino e en material didáctico, dicionarios, etc. A última versión conta con 46783 entradas e con máis de 59000 transcricións.

No ano 2010 o resultado foi publicado en papel pola Real Academia Galega, nun volume de 711 páxinas. Foi presentado nun acto público que tivo lugar na sede da Real Academia Galega, na Coruña, presidido polo presidente da RAG, Xosé Luís Méndez Ferrín, polo académico numerario e membro do ILG Francisco Fernández Rei e por Xosé Luís Regueira. A noticia da súa publicación, e posteriormente da súa presentación pública, foi recollida na prensa escrita (Galicia Hoxe, Xornal de Galicia, La Opinión Coruña, El Correo Gallego, La Voz, ABC [Galicia] 22 e 23-10-11, Faro de Vigo, La Opinión Coruña, 18-11-11 e 19-11-11), así como entrevistas con Xosé Luís Regueira en Galicia Hoxe (20-11-11), así como na Radio Galega e en Fusión Radio (rede de emisoras municipais galegas).

[fo'netika]

3.4. ESTUDIO PERCEPTIVO DA VARIACIÓN PROSÓDICA DIALECTAL DO GALEGO

IP	Elisa Fernández Rei
MEMBROS DO EQUIPO	Lurdes de Castro Moutinho (Univ. de Aveiro) Francisco Dubert Ana Escourido Pernas (Universitat de Barcelona) Xosé Luís Regueira Antonio Romano (Università di Torino)
FINANCIAMENTO	Dirección General de Investigación (MICINN) (FFI2009-12738)

Este proxecto ten como finalidade realizar un estudo perceptivo que nos axude a determinar as características prosódicas pertinentes dos contornos de entoación. Este traballo permitirá establecer cales son os trazos prosódicos característicos das distintas variedades dialectais do galego, así como os parámetros prosódicos pertinentes para a oposición entre modalidades oracionais.

Este primeiro ano do proxecto estaba destinado a realizarmos as gravacións necesarias para completar a rede de puntos deseñada. Así mesmo, leváronse a cabo a codificación e análise de todos os datos que van ser utilizados nos tests perceptivos. Estas tarefas completáronse case na súa totalidade.

Igualmente, xeráronse todos os arquivos sintetizados necesarios para a confección dos tests perceptivos e fíxose unha primeira validación perceptiva dos enunciados que serán empregados nos devanditos tests.

Finalmente, tal e como estaba previsto, comezamos a traballar na metodoloxía para a elaboración dos distintos tests perceptivos:

- Test de prototipicidade
- Test de identificación da modalidade oracional
- Test de parámetros prosódicos I (identificación de modalidade)
- Test de parámetros prosódicos II (identificación de variedade dialectal)

Estamos, daquela, en disposición de comezar a realizar os tests nos distintos puntos previstos ao longo dos dous anos vindeiros.

Tanto a metodoloxía para o deseño e confección dos tests perceptivos coma os resultados que obteñamos serán unha contribución importante para o proxecto internacional Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico (AMPER) [<http://www.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/amper.htm>], pois forneceralles aos restantes grupos unha ferramenta para a validación dos datos que se amosan no atlas. Os resultados obtidos no noso traballo poden ser moi valiosos para o establecemento de novos criterios para a clasificación dos dialectos, así como para beneficiar o avance do coñecemento noutras áreas de investigación, como a fonoloxía ou as tecnoloxías da fala, na medida en que profundará no coñecemento da relación entre parámetros acústicos e percepción.

4. Sección de gramática

4.1. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA

IP	Rosario Álvarez Blanco
MEMBROS DO EQUIPO	Francisco A. Cidrás Escáneo Ernesto X. González Seoane Xosé Luís Regueira Fernández Xosé Xove Ferreiro
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Convenio coa Real Academia Galega

Os membros deste equipo veñen traballando desde hai anos, de forma individual ou en parcería, arredor dun proxecto de *Gramática xeral descritiva do galego moderno*. O obxectivo último é a descrición da gramática do diasistema do galego moderno (séculos XIX-XXI), atendendo ás distintas variantes xeográficas, cronolóxicas, sociais e estilísticas comprobables na actualidade.

Nos últimos anos, este equipo de gramáticos, coordinado por Rosario Álvarez, asumiu a encarga de elaborar a gramática institucional da RAG; o equipo, que permanece coa mesma composición desde o inicio, definiu os seus criterios e obxectivos en Álvarez/Monteagudo 2004. O obxectivo académico é redactar unha gramática descritiva do galego estándar, capaz de orientar sobre o uso e as múltiples opcións lingüísticas, e asemade sobre a corrección gramatical, dirixida a usuarios de amplo espectro, con certo nivel cultural pero sen coñecementos técnicos en lingüística. A gramática académica que se pretende é unha gramática de referencia, que describe o galego estándar e o “bo” uso da lingua; non se programa como unha gramática prescritiva senón cunha gramática descritiva, mais así a todo debe orientar o uso oral e escrito do galego máis axeitado a cada situación lingüística.

Da súa natureza nace tamén a súa dificultade, pois a gramática da RAG non pode ser unha gramática máis. Os promotores e os redactores son conscientes de que calquera texto gramatical emanado da institución que ten a autoridade en materia normativa vai ser entendido cun forte carácter prescriptivo. Son conscientes tamén que o usuario vai demandar dese texto unha luz que disolva os seus problemas, polo que se sentirá defraudado sempre que o texto non o guíe nas súas dúbidas.

Por tanto, o novo texto ten que ser descritivo do estándar, e para iso é preciso definir que é ou non é “estándar”, mais alá dos aspectos contidos nas *Normas*. Como se indica no inicio do texto normativo, o estándar debe ser fiel á lingua falada e asentar na tradición, ademais de ser congruente coas outras linguas románicas, nomeadamente o portugués. Asemade, a gramática da RAG debe informar sobre a corrección lingüística e orientar o uso oral e escrito do galego máis axeitado a cada situación lingüística, Como xa foi sinalado en anterior ocasión, o equipo redactor non sempre atopa na bibliografía bases seguras que lle permitan ir máis aló da respectiva experiencia como falantes dos seus membros, polo que debe concentrar o labor en investigacións puntuais, que vén a luz en forma de artigos ou comunicacións.

A fins de 2010 redactouse e asinouse un convenio de colaboración entre a RAG e a USC (a través do ILG), que formaliza o compromiso entre ambas as partes. Prevese un prazo de execución de tres anos, polo que a fins de 2013 debería estar entregado o texto definitivo.

4.2. VARIACIÓN E CAMBIO NO SISTEMA LINGÜÍSTICO HISTÓRICO GALEGO-PORTUGUÉS. COMPARACIÓN ENTRE O GALEGO E O PORTUGUÉS POPULAR BRASILEIRO

IP	Henrique Monteagudo Romero
MEMBROS DO EQUIPO	Brasil: María Jussara Abraçado de Almeida (UFFL) Valéria Gil Condé (USP) Paulo Antonio Pinheiro Correa (UFFL) Xoán Carlos Lagares Díez (UFFL, coord.) Claudia Nívea Roncarati de Souza (UFFL) Galia: Rosario Álvarez Blanco Elisa Fernández Rei Ernesto X. González Seoane Xulio Sousa Fernández
FINANCIAMENTO	Secretaría General de Universidades (Ministerio de Educación, España). Convenio de cooperación con CAPES (Ministério de Educação, Brasil). PHB2009-0079-TA / PHB2009-0092-TA
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Universidade Federal Fluminense (Niteroi [Brasil])

Durante o ano 2010, xa constituídos os equipos galego e brasileiro, realizáronse os seminarios previstos cos profesores brasileiros participantes no proxecto: En Santiago de Compostela, do 5 ao 9 de xullo, 2010 e en Niterói (Rio de Janeiro), do 6 ao 10 de decembro de 2010. Neles debatéronse os aspectos teóricos e metodolóxicos, e as cuestións concretas que se abordarán no proxecto comparado. Concretáronse estes puntos, e distribuíuse o traballo. Como resultado, está prevista a presentación dun proxecto plurianual á convocatoria de 2011.

5. Sección de historia da lingua

5.1. ESTUDO LINGÜÍSTICO E PALEOGRÁFICO DO CANCIONEIRO DA AJUDA

IP	Xavier Varela Barreiro
MEMBROS DO EQUIPO	Mariña Arbor Aldea (USC) Mercedes Brea López (USC) María Xosé Carrera Boente Marta López Macías Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo)
FINANCIAMENTO	Consellería de Innovación e Industria (PGIDIT06PXIB240159PR) (anos 2006-2009)
PROXECTO EN COOPERACIÓN	<i>La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y textos</i> (HUM2007-61790). IP: Pilar Lorenzo Gradín (Dpto. Filoloxía Galega, USC) <i>Cancioneiros galego-portugueses: edición crítica e estudo (en formato impreso e electrónico)</i> . Proxecto coordinado (USC / UDC / UVIGO). USC: "Cancioneiro de cabaleiros" (PGIDIT06CSC20401PR). Xunta de Galicia. IP: Mercedes Brea López (Dpto. Filoloxía Galega, USC).

A pouca atención prestada ao estudo sistemático da lingua dos cancioneros contrasta co grande desenvolvemento doutros enfoques, nomeadamente o literario e o histórico. Con este proxecto preténdese dar un primeiro paso no intento de equilibrar os resultados dun e doutro enfoques. O *Cancioneiro da Ajuda* é o primeiro dos cancioneros, o único contemporáneo ao mundo trobadoresco e a obra que mellor representa o primeiro latexar da escrita literaria hispánica occidental. O plan xeral das actividades comprende:

- Construción do Arquivo de Recursos do *Cancioneiro da Ajuda* (ARCA).
- Fixación do texto (versións paleográfica, pospaleográfica, preinterpretativa e interpretativa). Pártese de edición paleográfica propia, realizada por Mariña Arbor.
- Construción do corpus informatizado (fabricación dun modelo informático de xestión textual por estratos relacionables; elaboración da DTD e aplicación a tres das versións do texto; elaboración dos criterios de lematización e etiquetación e posterior aplicación ao texto da versión interpretativa).
- Estudo paleográfico.
- Estudo gráfico.
- Estudo fonético.
- Estudo morfolóxico.
- Estudo léxico e onomástico.
- Estudo sintáctico.
- Estudo da variación dialectal.

Durante o ano 2010, a actividade centrouse en dúas liñas de desenvolvemento. A primeira é a realización do *Novo glosario do Cancioneiro da Ajuda*. Tomando como base a lematización e etiquetación gramatical realizadas o ano anterior, comezouse a construción das aproximadamente 600 voces contidas no cancionero. Estableceuse a microestrutura de cada clase de palabra (con elementos comúns e elementos específicos) e, comezando polas clases cardinais (verbo, substantivo, adxectivo e adverbio), realizáronse as entradas correspondentes ás voces de maior frecuencia. A segunda liña é a descrición da realidade paleográfica do cancionero. Está fundada sobre a versión definitiva da nosa transcripción (2009) e, como primeira acción, iniciouse o estudo do compoñente braquigráfico. Estas unidades abreviativas foron incorporadas a un banco de datos e nel están sendo sometidas a análise e codificación.



Publicacións derivadas:

- Mariño Paz, Ramón / Xavier Varela Barreiro (2010 no prelo): «A microestrutura dos adxectivos nun novo glosario do *Cancioneiro da Ajuda*». Actas da Associação Portuguesa de Linguística.
- Varela Barreiro, Xavier (2010): “Un novo glosario do *Cancioneiro da Ajuda*. A microestrutura das entradas verbais”, *Estudos de Lingüística Galega*, 2, pp. 141-172.

5.2. GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA

IP	Xavier Varela Barreiro
MEMBROS DO EQUIPO	Amparo Cereixo Silva (IES As Pontes) Ramón Mariño Paz Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo)
FINANCIAMENTO	Sen financiamento externo específico

A realización desta obra foi o que motivou a construción dun corpus do galego medieval. Durante bastantes anos quedou relegada a un segundo plano e os esforzos centráronse sobre todo nos traballos do *Xelmírez*; así foi tamén no ano 2010.

No ano 2010 centrouse a actividade en tres focos:

- Revisión e mellora dos parámetros de lematización e etiquetación gramatical das obras medievais. Este labor tivo unha importante mellora coa incorporación do programa *BConcord*, que permite un elevado grao de automatización.
- Probas de construción de bases de datos parciais (fonéticas, morfolóxicas, sintácticas, léxicas) nas que se recollen e codifican as atestacións textuais dos cambios lingüísticos.
- Preparación, procesamento e estudo completo de obras medievais de especial interese: *Cancioneiro da Ajuda* (continuación), *Miragres de Santiago* (inicio) e *Historia troiana* (inicio).

Publicacións derivadas:

- Mariño Paz Ramón / Varela Barreiro, Xavier (2010 no prelo): «A microestrutura dos adxectivos nun novo glosario do *Cancioneiro da Ajuda*». Actas da Associação Portuguesa de Linguística.
- Varela Barreiro, Xavier (2010): “Un novo glosario do *Cancioneiro da Ajuda*. A microestrutura das entradas verbais”, *Estudos de Lingüística Galega*, 2, pp. 141-172.

5.3. TESOIRO MEDIEVAL GALEGO-PORTUGUÉS

IP	Xavier Varela Barreiro
MEMBROS DO EQUIPO	Véxase a información particularizada en cada un dos subproxectos englobados
FINANCIAMENTO	Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística Consellería de Innovación e Industria (INCITE08PXIB302185PR)
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Véxase a información particularizada en cada un dos subproxectos englobados

Baixo esta denominación xeral agrúpanse varios proxectos complementarios que o equipo de traballo dirixido por Xavier Varela Barreiro vén realizando no eido da lingüística de corpus desde o ano 1992 no Instituto da Lingua Galega. Teñen en común acoller nas súas bases textos da Galicia e do Portugal medievais e diferéncianse pola lingua que representan (galego-portugués, latín, castelán).



A) XELMÍREZ (GALICIA)

É a ponla galega do Tesouro Medieval Galego-Portugués. Acolle a produción romance (galego e castelán) e latina da Galicia medieval e dentro del conviven o *TMILG* (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega), o *TMILL-G* (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina-Galicia) e o *TMILC-G* (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Castelá-Galicia). Está coordinado con outros proxectos propios do ILG e con proxectos doutras universidades. Con todos eles forma unha rede de investigación que conta cunha plataforma propia (RILG) na que conviven e son consultables *on line* máis dunha ducia de recursos informatizados para a investigación da lingua galega.

Páxina web: <http://sli.uvigo.es/xelmirez/index.html>

a1) Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)

IP	Xavier Varela Barreiro
MEMBROS DO EQUIPO	Amparo Cereixo Silva (IES As Pontes) Rocío Dourado Fernández Lucía Doval Iglesias Paulo Martínez Lema César Osorio Peláez Iria Pérez Mariño Ricardo Pichel Gotérrez Iago Santiso Fernández
FINANCIAMENTO	Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística Consellería de Innovación e Industria (INCITE08PXIB302185PR)
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Está coordinado con outros proxectos propios do ILG e con proxectos doutras universidades. Da súa parte o equipo do TMILG, xuntamente co do TILG e os dos dicionarios de dicionarios (moderno e medieval), mantén relación estable co equipo do Seminario de Lingüística Informática Universidade de Vigo. O primeiro resultado é a construción da plataforma RILGA, na que conviven e son consultables máis dunha ducia de recursos informatizados para a investigación da lingua galega
PÁXINA WEB	http://ilg.usc.es/TMILG

É, dentro do *Xelmírez*, a liña máis avanzada e de maior proxección externa. Trátase do subcorpus das obras e coleccións documentais redactadas en romance galego na Galicia medieval. A base do *TMILG* contén a totalidade das obras non notariais publicadas da Galicia medieval (literarias, históricas, relixiosas, xurídicas e técnicas). Das obras notariais xa está incluída unha boa parte das publicadas (aproximadamente o 95%) e están moi avanzados os traballos para a carga das restantes. Así mesmo están informatizadas ou en proceso de informatización boa parte das coleccións documentais aínda inéditas recollidas en traballos académicos de distinto teor (teses de doutoramento, teses de licenciatura, TITs, etc.). En número, os documentos colectados son máis de 20.000. O arco cronolóxico vai do século XIII a mediados do XVI (con rexistros romances desde o VIII).

Está accesible en rede, en acceso gratuíto, unha versión sen lematizar e sen marcaxe onomástica. Para os seus traballos o grupo de investigación dispón xa dunha versión dos textos na que está rematada a marcaxe onomástica e segue o seu curso o proceso de lematización.

Durante o ano 2010 desenvolvéronse traballos que foron continuación e reforzamento das liñas iniciadas e atendidas nos exercicios anteriores. Por unha banda, avanzouse na corrección e marcaxe daquelas obras da nosa base textual que, por motivos diversos, foran quedando pendentes ou precisaban de novas correccións; pola outra, foise arrequeitando a devandita base cunha importante cantidade de textos novos (en números redondos, 11.000.000 de caracteres), a maioría deles de recente aparición no panorama editorial e cuxa relevancia radica basicamente no que representan de enchemento de ocos (na cronoloxía, na diatopía ou na tipoloxía textual) do noso corpus. Ao longo de 2010 sometéronse a revisión, corrección ou segunda corrección un total de 30 novas obras, case todas de extensión moi considerable. Varias delas estarán á disposición do usuario-investigador en Internet nun prazo razoable.

A mecánica de traballo no *Xelmírez* aborda os textos en dúas fases sucesivas. Primeiramente dixitalízanse os textos (vía OCR ou vía picado manual, co conseguente labor de revisión e corrección) e aplícaselles unha pre-DTD nun formato básico (TXT). Esta versión permite un primeiro e valioso aproveitamento das obras antes de seren preparadas para o seu procesamento masivo; este só é posible na segunda fase, na que son sometidos ao estándar XML. No marco da primeira fase (TXT), ao longo do ano 2010, tal e como foi indicado no parágrafo anterior, os membros do equipo someteron a unha coidadosa revisión e corrección ata un total de 30 novas obras. O proceso de conversión de textos ao formato XML leva as obras á versión definitiva para o seu aproveitamento masivo a través de Internet. En 2010 converteuse un total de 5 obras.

Está coordinado con outros proxectos propios do ILG e con proxectos doutras universidades. Da súa parte o equipo do *TMILG*, xuntamente co do *TILG* e os dos dicionarios de dicionarios (moderno e medieval), mantén relación estable co equipo do Seminario de Lingüística Informática Universidade de Vigo, co que mantén a plataforma RILG.

a2) Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Castelá – Galicia (TMILC-G)

IP Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO Raquel Alonso Parada | Rocío Dourado Fernández | Lucía Doval Iglesias | Ramón Mariño Paz | Paulo Martínez Lema | Iria Pérez Mariño | Ricardo Pichel Gotérrez | Iago Santiso Fernández

FINANCIAMENTO Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

A presenza de documentos labrados en castelán entre a documentación procesada estase aproveitando para ir construíndo no ILG un corpus do castelán de Galicia que sexa abranxente de toda a historia. Na actualidade pasan de 3.000 os documentos preparados. No futuro ampliarase o arco cronolóxico, comezando pola Idade Moderna, na procura dun subcorpus en castelán que vai permitir encher algunhas lagoas, sobre todo léxicas e onomásticas, pero tamén fonéticas e morfosintáticas, ás que condena a precariedade do galego escrito no período medio da nosa historia. Está previsto que nese momento o TMILC pase a chamarse CHCG (Corpus Histórico do Castelán de Galicia).

En 2010 codificáronse e preparáronse os documentos ou fragmentos en castelán das 30 novas obras incorporadas ao XELMÍREZ e das 5 convertidas ao formato XML (véxase *TMILG*).

a3) Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina – Galicia (TMILL-G)

IP Xavier Varela Barreiro

MEMBROS DO EQUIPO Xosé Luís Couceiro Pérez | Rocío Dourado Fernández | Lucía Doval Iglesias | Paulo Martínez Lema | Iria Pérez Mariño | Ricardo Pichel Gotérrez | Iago Santiso Fernández | Xaime Varela Sieiro (Instituto Español «Vicente Cañada Blanch» - Londres)

FINANCIAMENTO Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Os traballos de preparación dos textos de coleccións documentais plurilingües foi achegando ao Xelmírez un importante número de documentos e obras labrados en latín. Na actualidade a cifra ronda os 5.000, o que fai do TMILL un corpus bastante representativo do latín medieval galaico.

Dada a existencia desde hai moitos anos do CODOLGA (*Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*) e a posibilidade de consultalo on line, non é previsible por agora a posta en rede do TMILL. Mais as facilidades que reporta contar con tantos documentos latinos homologados na súa etiquetación aos do *TMILG* fan imprescindible continuar arrequeitando as súas bases textuais. Sen eles non sería posible avanzar, como se está a facer, nos traballos propios de carácter onomástico (nestes momentos só toponímico) e de sociolingüística histórica (emerxencia do romance fronte ao latín e posterior decadencia do galego fronte ao castelán).

Codificáronse e preparáronse os documentos ou fragmentos en latín das 14 novas obras incorporadas ao XELMÍREZ e das 19 convertidas ao formato XML (véxase *TMILG*).

B) DOM DINÍS (PORTUGAL)

b1) Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Portuguesa (TMILP)

IP	Xavier Varela Barreiro
MEMBROS DO EQUIPO	Rocío Dourado Fernández Lucía Doval Iglesias Paulo Martínez Lema Eduardo Moscoso Mato Iria Pérez Mariño Ricardo Pichel Gotérrez Iago Santiso Fernández
FINANCIAMENTO	Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística
CONVENIO EN COOPERACIÓN	Membros da Academia das Ciéncias de Lisboa / Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa

Xa nos inicios, a comezos dos anos 90, estableceuse o obxectivo de construír un corpus que comprendese textos ao norte e ao sur do río Miño e da franxa occidental de Asturias, León e Zamora. En diferentes momentos, como resposta a necesidades concretas dos traballos do equipo na altura, fóronse informatizando e etiquetando obras do Portugal medieval de tipoloxía variada. Na actualidade son máis de 100 as obras que, en diferente fase de preparación, están ao dispor do equipo. Algunhas das máis significativas son: Livros de Linhagens, Tempos dos preitos, Livro dos bens de dom João de Portel, Crónica Geral de 1344, Livro de Joseph de Arimateia, Arte de bem cavalgar toda sela, Demanda do Santo Graal, Foros de Castelo Rodrigo, Foro Real, Primeira Partida, Livro das aves, Cancioneiro Geral de Garcia de Resende, Documentos de Clarinda Maia, Documentos editados por Ana Maria Martins, etc.

A codificación empregada é a mesma do *TMILG* e a súa posta en rede está prevista a medio prazo.

Durante o ano 2010 incorporouse o texto dunha obra de temática relixiosa e someteuse a nova corrección o cartulario do mosteiro de Fiães (Melgaço), que presenta numerosas formas romances na onomástica:

■ Os sete Tratados Cartusianos (ed. de Aida Sampaio Lemos; tese de doutoramento dirixida por José Antonio Souto Cabo).

■ Tombo de Fiães (ed. de Xesús Ferro Couselo).

Continúa aberta a colaboración co equipo dos Profesores João Malaca Casteleiro (Academia das Ciéncias de Lisboa) e Maria Francisca Xavier (Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa), que dará lugar ao desexable e esperado corpus medieval conxunto galego-portugués. A colaboración ampliarase no futuro á elaboración do *Dicionario medieval galego-portugués*, botado xa andar polo equipo lisboeta co seu *Dicionário do Português Medieval* e que deberá ser redefinido no futuro para axeitálo ao novo horizonte.

b2) Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina – Portugal (TMILP)

IP	Xavier Varela Barreiro
MEMBROS DO EQUIPO	Xosé Luís Couceiro Pérez Rocío Dourado Fernández Lucía Doval Iglesias Paulo Martínez Lema Iria Pérez Mariño Ricardo Pichel Gotérrez Iago Santiso Fernández Xaime Varela Sieiro (Instituto Español «Vicente Cañada Blanch» - Londres)
FINANCIAMENTO	Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

En paralelo co *TMILL-G*, estanse reunindo e codificando as obras do legado portugués medieval en latín. Durante o ano 2010 someteuse a nova corrección o cartulario do mosteiro de Fiães (Melgaço), formado maiormente por documentos en latín:

■ Tombo de Fiães (ed. de Xesús Ferro Couselo).

6. Sección de lexicografía

6.1 TILG. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA. BASE DE DATOS LEXICOGRÁFICA PARA UN DICCIONARIO DA LINGUA GALEGA

IP	Antón Santamarina
MEMBROS DO EQUIPO	Marcos Abalde Covelo Noelia Estévez Rionegro Lorena López López María Luísa Moreda Leirado César Osorio Peláez María Viturro Piñeiro
FINANCIAMENTO	Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Vid. <i>RILG</i>
PÁXINA WEB	http://www.ti.usc.es/tilg/ http://sli.uvigo.es/TILG/index.html

O *Tesouro informatizado da Lingua Galega* é unha base de datos lexicográfica que contén o baleirado de 1850 textos desde 1612 ata a actualidade. Na base de datos dáse cada palabra en formato KWIC (keyword in context), lematizada e coas referencias de obra, páxina e liña. Trabállase con ferramentas informáticas pero a desambiguación de lemas faise de maneira case manual. Está dispoñible en formato base de datos ao dispor dos investigadores na sede do ILG e é consultable a través da internet nas webs indicadas. O TILG está incorporado no proxecto RILG que se describe máis adiante, pero para integralo nese proxecto foi necesario adecualo ao estándar EAGLES e transformalo de base de datos en formato XML: texto seguido onde cada palabra leva as etiquetas correspondentes de lema e categoría gramatical

a) Desenvolvemento e explotación de recursos integrados da lingua galega: contributo do Instituto da Lingua Galega

IP	Antón Santamarina
MEMBROS DO EQUIPO (ILG)	María Álvarez de la Granja Rocío Dourado Fernández Francisco Fernandez Rei Ernesto González Seoane Carme Hermida Gulías Ramón Mariño Paz Paulo Martínez Lema Eduardo Moscoso Mato Ricardo Pichel Gotérrez Damián Suárez Vázquez Xavier Varela Barreiro
FINANCIAMENTO	Consellería de Innovación e Industria, Xunta de Galicia, Programa de promoción xeral de investigación do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (Incite), 2008-2011 (ref. INCITE08PXIB302185PR)
PROXECTO EN COOPERACIÓN	ILG / Seminario de Lingüística Informática da UVigo
PÁXINA WEB	http://webs.uvigo.es/sli/recursos.html http://sli.uvigo.es/TILG/index.html http://sli.uvigo.es/ddd/ http://sli.uvigo.es/xirias/

Este proxecto é un proxecto coordinado en que colaboran investigadores do ILG e da Universidade de Vigo Ao ao equipo do ILG correspóndelle a integración no repositorio lexicográfico RILG (<http://webs.uvigo.es/sli/recursos.html>) dos seguintes resultados propios:

O *Dicionario de dicionarios da lingua galega* (moderna DdD).

O *Dicionario de dicionarios da lingua galega medieval* (DDGM).

O *Tesouro informatizado da lingua galega* (TILG).

O *Tesouro informatizado da lingua galega medieval* (TMILG).

O *Dicionario de dicionarios: xergas* (este feito só para este proxecto).

Aos materiais que estaban xa incorporados en 2009 (dicionarios medievais e modernos, xirias, TMILG) o RILG conta agora coa versión completa do TILG, 1897 textos, que foron reetiquetados e revisados manualmente en casos de lemas de desambiguación complexa. Na páxina indicada (<http://sli.uvigo.es/TILG/index.html>) baixo a pestana “sobre o TILG” danse algúns datos estatísticos referente a este corpus (28/11/2010): Textos incluídos 1.897; Palabras 25.043.578; Formas gráficas (incluídos signos de puntuación, cifras, etc) 32.828.515; Lemas 165.642.

7. Sección de onomástica

7.1. BASES DE DATOS ONOMÁSTICOS

IP	Ana I. Boullon Agrelo
MEMBROS DO EQUIPO	Miguel Mosquera Fociños
FINANCIAMENTO	Sen financiamento externo

Durante o ano 2010 na Sección de Onomástica seguíronse actualizando as bases de datos que alimentan a realización de diversos proxectos, e de forma máis directa os de *Diccionario dos apelidos galegos*, *Estandarización dos nomes e apelidos* e *PatRom*. Traballouse fundamentalmente en dúas direccións, antroponimia e toponimia.

a) Antroponimia histórica

Esta base de datos contén varias relacionadas: a antroponimia medieval, a dos séculos XVI-XVIII, a dos Catastros de Ensenada (s. XVIII), a de censos do séc. XX (INE ano 2001) e a de alcumes modernos. O labor realizado durante o ano 2010 concrétase nos seguintes avances:

Proseguíu a introdución de datos antroponímicos medievais. O criterio fundamental para a selección da fontes é procederen de textos editados con criterios filolóxicos e que contén con fiabilidade editorial. Dada a problemática específica dos nomes, que se escribían na Idade Media con abreviaturas nunha proporción moi alta, é fundamental partir de fontes ben editadas para poder facer un estudo lingüístico sólido; doutra maneira, pódese considerar, por exemplo, como moi temperá a entrada de castelanismos que en realidade non son máis que desenvolvementos erróneos a partir das abreviaturas existentes. No ano 2010 realizouse o baleirado das seguintes fontes, que comportaron un total de 1.765 rexistros onomásticos novos:

- Boullón Agrelo, Ana Isabel / Henrique Monteagudo (2009): *De verbo a verbo: documentos en galego anteriores a 1260*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Anexo 65 de *Verba*. [Contén un anexo con 50 imaxes de documentos medievais]
- Bouzas Rosende, Paula (2010): *Edición e estudo dos documentos inéditos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (século XV)*. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago.
- Maure Rivas, Xulián (1999): “A perda do galego instrumental: dous documentos notariais de Baiona (1518 e 1522)”, en Rosario Alvarez / Dolores Vilavedra (coord.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero* / Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 678-689.
- Maure Rivas, Xulián (2004): “Notarios de Baiona (1). Lourenço Martíns (1365-1404)”, en Rosario Álvarez / Antón Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 527-540.
- Maure Rivas, Xulián (2006): *Para unha escriptoloxía do galego. Edición e estudio escriptolóxico do Tombo do hospital dos pobres de Tui (1436-1490)*. A Coruña: Fundación Barrié. Biblioteca Filolóxica Galega. Instituto da Lingua Galega. [O Tombo, rematado en 1490, contén 45 docs.; está no AHD de Tui].
- Tato Plaza, Fernando R. (2004): “Sobre o testamento de Estevo Pérez: lectura crítica e nova proposta de datación”, en Rosario Alvarez Blanco / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.): *A lingua galega, historia e actualidade: actas do I Congreso Internacional, 16-20 de setembro de 1996, Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela : Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. III, 765-784.
- Vázquez Pardal, Ana Belén (2000): “Edición dun texto medieval: o testamento de Fernán Beserra (1423)”, *Cadernos de lingua* 21, 123-144.
- Zapico Barbeito, Pilar (2006): “Edición crítica dun pergameo procedente do corpus documental do mosteiro de Santa Maria de Monfero”, *Murguía* 10, 17-32. [Do RAG, a. 1373]

No que respecta ás fontes modernas, o labor de 2010 continuouse coa introdución de datos antroponímicos do Catastro de Ensenada. Son 2.176 rexistros novos, a partir da fonte: Fernández Mosquera, Josefina “Pontevedra según el Catastro del Marqués de la Ensenada. Tesina de licenciatura en la Facultad de Filosofía y Letras de Santiago”, *Museo de Pontevedra* 17 (1963) 19-148.

b) Toponimia: estudos toponímicos

O proxecto consiste na elaboración dunha base de datos que inclúe a relación dos topónimos estudados polo investigadores máis relevantes. Por un lado, tivéronse en conta os repertorios de antropónimos latinos, pois moitos deles deron lugar a un gran número de topónimos de posesores (Kajanto, Solin / Salomies). Por outro lado, investigadores específicos de onomástica prerromana (Bascuas, Moralejo Álvarez) e xermánica (Piel / Kremer). E, por último, estudos etimolóxicos que parten do topónimo actual (Piel, Ares, Navaza, Rivas, Marqués, Moralejo Lasso). A finalidade da confección desta base de datos é proporcionarlle ó estudoso da toponimia a relación das formas estudadas anteriormente, para centralizar a información correspondente a cada voz. Este ano 2010 continuouse a inclusión de datos, cos correspondentes á obra de Frutos Fernández (*Toponimia do Ribeiro*), Martínez Lema (*Topónimos de posesores de Begonte e Hidrotoponimia de Bergantiños*), Méndez / Navaza (*Toponimia de Chantada*). Actualmente a base de datos conta con 62.831 rexistros, que contén as formas estudadas e a información bibliográfica correspondente (autor, publicación). Esta base de datos está sendo utilizada, neste momento, polos autores dunha colección toponímica que está sendo planificada pola Asociación Galega de Onomástica. Estase traballando na realización dun convenio con esta Asociación para formaliza-la colaboración do ILG coa realización desta colección de toponimia.

7.2. CARTOGRAFÍA DOS APELIDOS DE GALICIA

IP Ana I. Boullón Agreló | Xulio C. Sousa Fernández


MEMBROS DO EQUIPO Miguel Mosquera Fociños | Ana Isabel Suárez Moreno

FINANCIAMENTO Convenio coa Real Academia Galega

PÁXINA WEB <http://servergis.cesga.es/website/apellidos/viewer.asp> | <http://ilg.usc.es/pfc1/index.jsp>

A aplicación da representación da distribución dos apelidos nos concellos galegos (CAG) leva funcionando desde o ano 2006 como unha das páxinas de resultados de proxectos de investigación do ILG máis consultadas. Durante os anos que leva funcionando esta aplicación detectáronse algúns problemas na xestión da información e na presentación da cartografía que levaron o equipo responsable a emprender o desenvolvemento dunha nova versión. Desde os comezos do ano 2008, en colaboración co Departamento de Electrónica e Computación da Escola Técnica Superior de Enxeñería, iniciáronse os traballos para o deseño dunha nova aplicación que mellorará o funcionamento da versión actual.

A nova versión da CAG está practicamente rematada. Modificáronse os intervalos que presentan as porcentaxes, que a partir de agora se calcularán a partir de cada apelido, e non sobre o total de todos eles, mellorouse a presentación da axuda, aumentouse a información antroponímica e creouse a posibilidade de descargar os datos nun arquivo en Excel para poder almacenalos e imprimilos.



7.3. DICCIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

IP	Ana I. Boullón Agrelo
MEMBROS DO EQUIPO	Gonzalo Navaza Blanco (UVigo) Antón Palacio Sánchez (UVigo) Luz Méndez (TVG)
FINANCIAMENTO	Convenio de colaboración coa Real Academia Galega, asinado en 2010

O *Dicionario dos apelidos* terá ao redor de 6.000 entradas (contando os lemas principais e os secundarios), ordenadas alfabeticamente e seleccionadas por orde de frecuencia. Os datos parten do Censo proporcionado polo Instituto Nacional de Estadística (Madrid) correspondentes ao ano 2001. Para os lemas escóllese a forma estandarizada entre as variantes existentes, a partir dos criterios publicados no *Boletín da Real Academia Galega* 370 (2009). Cada entrada inclúe o número de ocorrencias de cada forma, información etimolóxica, documentación histórica (a datación máis antiga que se coñece), e, nos casos que proceda, datos sobre a difusión xeográfica actual, a relación co topónimo correspondente e a representación cartográfica. No ano 2010 asinou un convenio coa Real Academia Galega mediante o cal se formaliza a cooperación para realiza-lo dicionario no prazo de dous anos, período durante o cal a RAG. Con esta obra preténdese, amais do estudo lingüístico de cada forma, contribuír á normalización da antroponimia persoal mediante a difusión das formas estándares.

7.4. DICTIONNAIRE HISTORIQUE DE L'ANTHROPONYMIE ROMANE (PATROM)

INVESTIGADORES (COMITÉ GALEGO)	Ana I. Boullón Agrelo Ramón Lorenzo
FINANCIAMENTO	Actualmente sen financiamento externo específico
PROXECTO EN COOPERACIÓN	18 universidades ou centros de investigación europeos

O *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane* é un dicionario etimolóxico, histórico e comparativo da antroponimia románica de orixe léxica. Estuda o proceso de antroponimización de lexemas romances que conduciu á formación de boa parte dos apelidos modernos. É, por tanto, un dicionario de antroponimia, pero inserto na lingüística románica e circunscrito ao ámbito dos dominios lingüísticos romances. Atende ao eixe diacrónico (desde o latín ás correspondentes solucións romances actuais) e diatópico (inclúe as variedades romances). Para isto aplica unha metodoloxía específica elaborada con este fin. O resultado será un dicionario panrománico que terá en conta apelidos procedentes do léxico común e que sexan produtivos en alomenos dous grandes dominios lingüísticos romances.

Os centros vinculados ao colectivo PatRom son as universidades de Tréveris, Lisboa, Oviéu, Santander, Complutense de Madrid, Sevilla, Vitoria/Gasteiz, Zaragoza, València, Palma de Mallorca, Louvain-la-Neuv, Udine, Pisa, Bari, amais doutros centros de investigación como o Institut d'Estudis Catalans (Barcelona), o Institut National de la Langue Française (Nancy) e a Academia Româna (Bucarest).

A sección de onomástica do ILG é a encargada de proporcionar os datos correspondentes ao dominio lingüístico galego desde o comezo do proxecto (1990), ben sexan onomásticos ou bibliográficos. O comité galego está formado por Ana I. Boullón Agrelo (síntese e documentación galega) e Ramón Lorenzo (consultor).

En 2010 seguíronse enviando os materiais solicitados. A última publicación derivada é *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane Patronymica Romanica (PatRom)*, vol. I.2. *Bibliographie des sources historiques*. Publié pour le collectif PatRom par Ana María Cano González, Jean Germain et Dieter Kremer, coordonnée par Claudia Maas-Chauveau. Berlin/New York: Walter de Gruyter, 2010. Nela, a sección do ILGa compilou e organizou os materiais galegos correspondentes ás fontes, medievais e modernas, que serviron de base para a localización das formas nominais.

Hai información dispoñible en rede en <http://patrom.fltr.ucl.ac.be/> e mais en http://ca.wikipedia.org/wiki/Projecte_Patronymica_Romanica

En 2009 seguíronse enviando os materiais solicitados. A última publicación derivada é A. M^a Cano/ Jean Germain / D. Kremer (eds.): *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane Patronymica Romanica (PatRom)*, vol. I.1 *Introductions. Cahier des normes rédactionnelles. Morphologie. Bibliographies*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 2007. ISBN: 978-3-484-50701-2. Rec.: *RIO* 13 (2007), 2, 634-5.

Hai información dispoñible en rede en <http://patrom.fltr.ucl.ac.be/> e mais en http://ca.wikipedia.org/wiki/Projecte_Patronymica_Romanica

7.5. INVENTARIO TOPONÍMICO DA GALICIA MEDIEVAL

IP Xavier Varela Barreiro

MEMBROS + DO EQUIPO Rocío Dourado Fernández | Lucía Doval Iglesias | Paulo Martínez Lema | César Osorio Peláez | Iria Pérez Mariño | Carlos Vázquez García | Amparo Cereixo Silva

FINANCIAMENTO Sen financiamento externo

PÁXINA WEB <http://ilg.usc.es/itmg>

O *Inventario Toponímico da Galicia Medieval* (ITGM), botado a andar no ano 2005, foi construído coa intención de que sexa un recurso que lles brinde aos investigadores o acceso e o aproveitamento do noso inmenso –e en ocasións pouco coñecido– corpus toponímico medieval. Resulta evidente que un proxecto con esta orientación e centrado nun campo de traballo tan concreto non xurdiu de xeito espontáneo, senón que se alicerza nunhas dinámicas de traballo e nunhas liñas de investigación que veñen sendo desenvolvidas desde hai case dúas décadas e das cales o ITGM pode considerarse unha derivación ou subproduto. Faise referencia ao *Proxecto Xelmírez (Corpus Lingüístico da Galicia Medieval)*, nado na sección de Gramática Histórica do Instituto da Lingua Galega. A implementación desa enorme masa textual posibilitou a posta en marcha de novos subproxectos, dos cales é este un dos de maior desenvolvemento e do que se pode dicir que, a xulgar polo elevado número de consultas feitas na súa páxina web, constitúe unha ferramenta de valor non soamente para investigadores e persoas interesadas na lingüística diacrónica, senón, en xeral, para todo tipo de usuarios movidos polos máis variados intereses.

En anos anteriores levantouse a estrutura de almacenamento e de consulta *on line* dos datos estudados e fíxose a primeira achega coa etiquetación toponímica e importación de unidades dun pequeno grupo de coleccións documentais. En 2010 preparouse a segunda achega, consistente na realización das seguintes actividades:

■ Revisión (1^a) e finalización (2^a e 3^a) da marcaxe toponímica e baleirado na base de datos das seguintes obras:

1) DCL = Portela Silva, María José (ed.) (2007): *Documentos da Catedral de Lugo. Século XIV*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

2) DGPXII-XIII = Souto Cabo, José António (2008): *Documentos galegoportugueses dos séculos XII e XIII*. A Coruña: Universidade (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa) (Monografía nº 5 da *Revista Galega de Filoloxía*).

3) DMSSC1 = Vaquero, Isabel (ed.) (2004): *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova* (ss. XIII-XV). Santiago de Compostela: Tórculo.

■ Realización do inventario toponímico das obras 2 e 3:

- San Salvador de Celanova : Lucía Doval Iglesias.

- Documentos do XIII: Iria Pérez Mariño.

■ Mantemento en Internet do portal do ITGM, na páxina do Instituto da Lingua Galega.

Publicacións derivadas:

- Doval Iglesias, Lucía (2010): *Contribución a un inventario toponímico da documentación medieval do mosteiro de San Salvador de Celanova* (Tomo I. ss. XIII-XV). Traballo de investigación tutelado presentado no Departamento de Filoloxía Galega baixo a dirección de Xavier Varela.
- Pérez Mariño, Iria (2010): *Inventario toponímico dos «Documentos galegoportugueses dos séculos XII e XIII»*. Traballo de investigación tutelado presentado no Departamento de Filoloxía Galega baixo a dirección de Xavier Varela.

7.6. PORTAL DE XENTILICIOS E ALCUMES GALEGOS

IP	Xosé Afonso Álvarez Pérez
MEMBROS DO EQUIPO	César Osorio Peláez David Rodríguez Lorenzo Damián Suárez Vázquez
FINANCIAMENTO	Sen financiamento externo específico
PROXECTO EN COOPERACIÓN	Convenio coa Fundación Camilo José Cela

O obxectivo do proxecto é a edición dixital do material inédito referente a Galicia do *Diccionario Geográfico Popular de España*, promovido polo escritor Camilo José Cela. Este material provén de enquisas realizadas por carteiros en todo o país. As fichas de enquisa son dixitalizadas e transcritas e cada unha das respostas alí contidas é incluída nunha base de datos, que será posta en rede, para facilitar a consulta da información. Durante o ano 2010, as actividades realizadas foron as seguintes:

- Transcribíronse 403 fichas, que conteñen 1527 ítems de información. Cada un destes ítems (xentilicios, alcumes, refráns que conteñen o nome dunha localidade, etc.) conta cun rexistro na base de datos do proxecto, regularizado e adscrito xeograficamente tanto á localidade en que foi recollido como á localidade a que fai referencia. Estas fichas serán revisadas nos primeiros meses de 2011.
- Revisión de 486 fichas dos materiais do DGPE, que corresponden a 1593 entradas da base de datos. Estas informacións xa están listas para seren incluídas no portal web (actualmente en probas).
- Redacción para a revista *El extramundi y los papeles de Iria Flavia* de catro artigos que dan unha primeira mostra dos materiais
- Redacción dunha proposta de participación nun congreso internacional, para poder dar a coñecer o proxecto entre a comunidade científica.

Publicacións derivadas:

- Álvarez, X. A. / Rodríguez, D. / Suárez, D. (2010): «Unha aproximación ós ditados tópicos coruñeses nos materiais do *Diccionario geográfico popular de España*», *El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia*, Ano 16, n. 61 (primavera 2010), pp. 149-164.
- Álvarez, X. A. / Rodríguez, D. / Suárez, D. (2010): «Unha aproximación ós ditados tópicos lugueses nos materiais do *Diccionario geográfico popular de España*», *El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia*, Ano 16, n. 62 (verano 2010), pp. 139-160.
- Álvarez, X. A. / Rodríguez, D. / Suárez, D. (no prelo): «Unha aproximación ós ditados tópicos ourensáns nos materiais do *Diccionario geográfico popular de España*», *El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia*, Ano 16, n. 63 (otoño 2010).
- Álvarez, X. A. / Rodríguez, D. / Suárez, D. (no prelo): «Unha aproximación ós ditados tópicos pontevedreses nos materiais do *Diccionario geográfico popular de España*», *El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia*, Ano 16, n. 64 (inverno 2010).

8. Sección de sociolingüística

8.1. SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA

IP Xosé Henrique Monteagudo Romero

MEMBROS DO EQUIPO Serafín Alonso Pintos (IES Abrente, Ribadavia) | Beatriz García Turnes (SXPL, Xunta de Galicia) | Susana Guitir Novo | Anik Nandi | Paulo Sánchez Vidal (IES Xinzo de Limia) | María Dolores Villanueva Gesteira | Hakan Casares Berg

FINANCIAMENTO Convenio co Consello da Cultura Galega

O proxecto *Sociolingüística Galega* ten como obxectivo estudar a relación entre a lingua e a sociedade galegas dende distintas perspectivas. Unha das liñas de investigación centra os seus esforzos na codificación normativa: a reconstrución e análise do proceso de normalización do corpus do galego, con especial atención á codificación normativa e aos debates a que esta deu lugar. O estudo en profundidade dos debates sobre a norma do galego dende a segunda metade do século XX ata a actualidade ocupa boa parte do traballo de investigación do grupo. A esa área corresponden dúas teses de doutoramento xa aprobadas e publicadas: a de Serafín Alonso Pintos (*O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*) e a de Pablo Sánchez Vidal, publicada en 2010 co título *O Debate Normativo da Lingua Galega (1980-2000)*, na colección 'Biblioteca Filolóxica Galega', do propio Instituto da Lingua Galega e a Fundación Barrié de la Maza.

O outro ámbito de estudo que se inclúe no proxecto é a Socioloxía da linguaxe, en concreto a análise dos parámetros sociais de distribución desigual do galego e castelán nas principais variables sociolingüísticas (lingua inicial, competencia lingüística e usos), as ideoloxías lingüísticas nunha situación de contacto / conflito como a galega e tamén outros aspectos relacionados como a glotopolítica ou a análise do discurso. Así, en 2010 rematouse o traballo de explotación dos datos sobre coñecemento e uso do galego, da enquisa do Instituto Galego de Estatística-2008. O seu cotexo cos datos obtidos en anos anteriores dá unha imaxe moi aproximada da evolución sociolingüística de Galicia e as súas conclusións son fundamentais para realizar diagnósticos e trazar as novas políticas lingüísticas, alertar sobre puntos febles das mesmas e adiantar previsións de futuro. Previsiblemente, o estudo virá a lume en 2011, publicado polo Consello da Cultura Galega.

A análise comparada das políticas lingüísticas é outra liña que está aberta no equipo de investigación, especialmente, a través dun estudo sociolingüístico que pretende cotexar as realidades lingüísticas de España e da India, en concreto o impacto que as políticas lingüísticas teñen sobre as linguas minorizadas. Neste sentido, Anik Nandi presentou en 2010 o seu Traballo de Investigación Tutelado, elaborado baixo a dirección de Henrique Monteagudo, baixo o título de *Language Endargement and Minority Issues in Multilingual Settings: A Comparative Sociolinguistic Study between Spain and India*.

No ámbito da sociolingüística galega tamén se está a traballar sobre “A situación do galego nos medios de comunicación”.

Finalmente, o equipo traballa na Historia social da lingua galega na segunda metade do século XX. Neste terreo, o traballo de investigación céntrase na situación da lingua e da cultura galegas durante o franquismo, situación social e discursos dende o galeguismo. No ano 2010 apareceu publicado o estudo de María Dolores Villanueva Gesteira, *A lingua galega entre 1963 e 1975. Situación social e discursos dende o galeguismo*, que recibira o premio ‘Novos investigadores’ da Deputación de Pontevedra. Continúase a recoller toda a documentación inédita depositada na Fundación Penzol e na Biblioteca Francisco Fernández del Riego. A consulta dos epistolarios de Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego ou Ramón Otero Pedrayo é fundamental na reconstrución da época. Ao mesmo tempo son do noso interese os contactos dos galeguistas co exilio, a documentación interna que manexaban, as propostas de introducir o galego no ensino e noutros ámbitos de prestixio, a reorganización política na clandestinidade, a galeguización da RAG, a iniciativa de fundar a editorial Galaxia e todos os aspectos que serviron para reconstruír a identidade do país e a dignificación da lingua propia. A investigación apóiase na serie de entrevistas realizadas a don Francisco Fernández del Riego, protagonista deste período histórico que pode botar luz sobre moitos aspectos escuros para os investigadores e debullar moitas das claves da época. Doutra banda, estase a estudar, tamén con apoio nesa correspondencia, a posición do filólogo Manuel Rodríguez Lapa en relación co galego.

Organización de cursos, conferencias e encontros científicos

a. Simposios ILG

Simposio *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias* (Santiago de Compostela, 2-9 de novembro de 2011), organizado polo Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega.

Comité organizador: Henrique Monteagudo (coordinador), Eva Gugenberger, Gabriel Rei Doval, Xulio Sousa, Xurxo Martínez González, María Dolores Villanueva Gesteira

O simposio *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias* serviu para reformular a lingüística contemporánea que parte do presuposto de base, máis ou menos implícito, de que a situación ideal das linguas é a de monolingüismo, tanto no plano social (comunidades monolingües) coma no plano individual (falantes monolingües), presuposto ao que vai intimamente asociada a noción de que cada lingua constitúe un sistema pechado, autocontido e autosuficiente, que evolucionou segundo unha lóxica puramente interna. Nesa perspectiva, o contacto de linguas e os fenómenos a el asociados (interinfluencias, hibridación, multilingüismo individual e social) son considerados á luz das estratexias de investigación e os paradigmas analíticos desenvolvidos pola lingüística monolingüe, que as contemplan como fenómenos anómalos. Por outra banda, esta visión dalgún xeito lexítima científicamente as ideoloxías puristas do cultivo da lingua.

Endebén, dun tempo a esta parte as situacións de contacto lingüístico e os fenómenos concomitantes están a ser abordados con outra mirada: non como casos anómalos, mais, ao contrario, moi frecuentes e merecentes dun estudo específico, cuns aparellos conceptuais e metodoloxías de traballo específicos. Neste contexto, aparecen novas conceptualizacións como a hibrididade, ao tempo que se repensan os procesos de cambio e evolución lingüística, que non sempre son resultado dunha lóxica ínsita a cada sistema lingüístico, senón derivados do contacto de linguas nalgunha das súas múltiples modalidades. Esas novas conceptualizacións foron debatidas durante o simposio, ofrecéronse novas perspectivas e diferentes vías de estudo.

As anteriores consideracións son especialmente relevantes cando se pensa na historia e a situación lingüística actual de Galicia, un espazo sociocomunicativo no interior do cal o prolongado contacto entre o

galego e o castelán, máis ou menos íntimo segundo as épocas, é unha realidade imposible de ignorar, e con todo moitas veces marxinalizada ou non tida suficientemente en conta na investigación académica, por iso era importante darlle visibilidade neste encontro científico. E isto, tanto se atendemos ás prácticas lingüísticas cotiás dos falantes, e por tanto ás distintas variedades discursivas da oralidade (onde son doadamente detectables fenómenos derivados do contacto lingüístico), coma se focamos a atención no impacto sobre os propios sistemas lingüísticos, especialmente o galego (así na historia coma na actualidade), e, por suposto, tamén se se consideran os esforzos de estandarización do galego, coas distintas actitudes puristas a eles asociados.

Pero a relevancia do contacto interlingüístico na configuración e evolución das linguas non é, en absoluto, un fenómeno particular do galego. Particularmente ilustrativo, tamén a efectos comparados, é considerar o portugués, tanto europeo ou peninsular (que experimentou un contacto continuado co castelán, especialmente intenso en determinados períodos históricos) canto brasileiro, para a orixe do cal o contacto entre o portugués e as linguas indíxenas e especialmente africanas constitúe un feito que está a ser seriamente repensado. Esta perspectiva tamén foi considerada con éxito no simposio.

A cuestión do contacto interlingüístico tamén nos leva a prestar especial importancia aos contextos de fronteira, vistos como áreas de transición, pero tamén no marco de procesos dinámicos de marcación de diferenzas. Pero en definitiva, a lingüística do contacto, que precisa dun maior desenvolvemento en Galicia, convida a pór en cuestión a propia concepción das linguas como sistemas autosuficientes e illados. No simposio, o concepto de hibridade foi posto en discusión. Debateuse se resulta útil e apropiado no contexto galego, e se é capaz de arrefecer as controversias sobre as dinámicas culturais e lingüísticas en Galicia, así como sobre cuestións referentes á variación social, á norma e ao estándar, á identidade social, e ás actitudes lingüísticas.

Participaron como conferenciantes no simposio: Eva Gugenberger, Gabriel Rei-Doval, Belén López Meirama, María Álvarez de la Granja, Marta Negro romero, Bieito Silva, Francisco Dubert, Fernando Ramallo, Ana Iglesias, Xosé Afonso Álvarez Pérez, Francisco Fernández Rei, Fernando Venâncio e Dante Lucchesi. Nos vindeiros meses publicarase un libro de actas do simposio no que se recollerán todas as contribucións.

Todas as sesións contaron cunha nutrida asistencia dos 63 alumnos inscritos no simposio, que en xeral amosaron en diversas conversacións a súa satisfacción polo desenvolvemento do simposio.

b.

XXIII edición dos *Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia*

Director: Francisco Fernández Rei
Secretaría: M^a Dolores Villanueva Gesteira

Entre o 2 e o 30 de xullo de 2010 celebrouse en Santiago de Compostela a XXIII edición dos *Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros e para españois de fóra de Galicia*, coorganizados pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega da USC, financiados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Os cursos inauguráronse o 8 de xullo nun acto en que interviñeron o Reitor da USC (Juan J. Casares Long), o Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia (Anxo Lorenzo Suárez), o Presidente da Real Academia Galega (Xosé Luís Méndez Ferrín), a Directora do Instituto da Lingua Galega da USC (Rosario Álvarez Blanco) e o Director dos cursos (Francisco Fernández Rei). Clausuráronse o 29 de xullo, nun acto en que participaron o Vicerreitor de Estudantes e Formación Continua da USC (Francisco Durán Villa), o Presidente da Real Academia Galega, a Directora do Instituto da Lingua Galega da USC e o Director dos cursos.

Participaron 83 alumnos e alumnas procedentes dos seguintes países: Alemaña, Arxentina, Brasil, Reino Unido, República Checa, Chile, Costa Rica, Croacia, Cuba, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Indonesia, Irlanda, Italia, Marrocos, México, Perú, Polonia, Portugal, Romanía, Rusia, Ucraína e Xapón. Segundo o seu nivel de coñecemento da lingua galega dividíronse en dous grupos elementais, un grupo medio e un Curso Superior de Filoloxía Galega.

O nivel *Elemental A* (20 estudantes) estivo a cargo de Rosa Mouzo Villar (teoría) e Sandra Vázquez Núñez (práctica); *Elemental B* (21 estudantes), a cargo de Ana Fachal Fraguella (teoría) e Lorena López López (práctica); e *Medio* (22 estudantes), a cargo de Carme Pazos Balado (teoría) e Liliana Martínez Calvo (práctica). Ademais celebrouse un *Curso Superior de Filoloxía Galega* (20 estudantes) no que se impartiron catro seminarios sobre *Problemas de lingüística galega* (Xosé Luís Regueira Fernández), *Leccións de literatura galega*: Luís Seoane, Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro e X. L. Méndez Ferrín (Xesús

Alonso Montero e Xosé Manuel Salgado), *Historia da lingua galega* (Carme Hermida Gulías) e *Variación e cambio lingüístico no galego actual* (Rosario Álvarez Blanco).

A docencia complementouse con outras actividades formativas:

a) Impartíronse dez **conferencias** a cargo de María Yáñez: *Comunicar en galego na primeira década do século XXI*; Xesús Alonso Montero: *Plástica e literatura antifascista de Luís Seoane nos anos da Guerra Civil 1936-1939*; Henrique Monteagudo: *A situación sociolingüística do galego e a súa evolución nos últimos tempos*; Xosé Ramón Barreiro: *Introdución á Historia Contemporánea de Galicia*; Xosé Luís Axeitos: *O poeta Manuel Antonio, navegante de altura*; Xosé Manuel Salgado: *Santiago de Compostela entre a Lenda, a Historia e a Literatura*; Uxía Senlle: *A palabra cantada*; Manuel Rivas: *Un fogar no mundo*; María Dolores Domínguez Santos: *Perfil psicolóxico dos galegos*; e Yolanda Castaño: *A grandeza do minoritario. Escribir poesía en galego*.

b) Realizáronse seis sesións con **proxeccións** cinematográficas: *Historias de Galicia* (2007). Cap. 1 *Onde o mundo se chama Galicia* (30'); cap. 11 *Os camiños do país* (29'), de Xosé Manuel Vega; documental *Linguas cruzadas* (2007), de María Yáñez e Mónica Ares (50'); documentais *A terceira póla. Un recanto de fala galega en Estremadura* (2008), de Rubén Pardiñas (27'), e *A outra escola* (2005), de Pilar Faxil e Helena Villares (50'); documental *Terra fin de ciclo. Unha historia de aldeas abandonadas* (2004), de Ovidio Fernández e Marta de Sillán (54'); filme *O lapis do carpinteiro* (2002), de Antón Reixa (100'); e documental *Paixón polo mar* (2009), de Pemón Bouzas e Victorino Lourido (50').

c) Realizáronse dúas **excursións** de xornada completa, ás que asistiu a maioría do estudantado, que tiñan como fin coñecer anacos da paisaxe galega coa arte e a cultura popular de cada zona, e tamén a gastronomía: a primeira (*As Mariñas dos Condes e as Mariñas dos Frades*, 10 de xullo) consistiu nun percorrido por Betanzos e unha visita ao pazo de Mariñán de mañá, e pola tarde visita ás Fragas do Eume e Pontedeume. Fixo de guía en todo o percorrido Felipe Senén (Técnico de Xestión Cultural e Museólogo da Deputación da Coruña). A segunda excursión (*Baixo Miño*, 17 de xullo) comezou en Tui, con visita á catedral e o claustro conducidos por Suso Vila, guía oficial da catedral; a igrexa de San Domingos, onde fixo de guía o galerista Manuel Martínez; e un percorrido polas rúas da cidade vella de Tui, guiados polo arqueólogo Ángel Concheiro, que pola tarde foi o guía na visita detallada á citania e ao monte de Santa Tegra e á vila de Baiona. Ademais, o 23 de xullo, despois das actividades da mañá, fíxose unha excursión ao parque do *Xirimbao* (Teo), onde se celebrou un Xantar de Irmandade de estudantes e profesores.

d) Realizárons diversas **actividades extraacadémicas**, con carácter voluntario: visita duns 40 estudantes ao Museo do Pobo Galego (2 de xullo), guiados polo Director e a Secretaria dos cursos; visita de máis de 50 estudantes á redacción do xornal compostelán *Galicia Hoxe* e aos estudos de Correo TV e Radio Obradoiro, con participación en directo de varios alumnos no programa da tarde desta emisora (13 de xullo); asistencia de 64 estudantes e a Secretaria dos cursos ao acto *Commemoración do 125º Aniversario do Pasamento de Rosalía de Castro*, celebrado en Padrón na Casa de Rosalía de Castro (15 de xullo); participación en directo de catro estudantes (3 do Curso Superior e 1 do nivel Medio) e da Secretaria dos cursos no programa *A tarde*, da Radio Galega (21 de xullo); entrevistas a alumnos de diferentes niveis para o programa *Ben Falado* que emite a TVG; e o 29 de xullo o alumnado das clases prácticas (e voluntariamente o do Curso Superior) asistiu a un acto con membros da agrupación folclórica *Cantigas e Agarimos*, de Santiago de Compostela, que explicaron como recollen o material de campo e como é o traxe galego, que eles vestían; e a seguir, no claustro da Facultade de Xeografía e Historia un cuarteto tradicional da agrupación interpretou varias pezas e déronse leccións prácticas de baile galego.

c. Seminarios e cursos formativos

O **prof.** Michael Ferreira, da Universidade de Georgetown, visitou o centro por convite do Instituto da Lingua Galega e do Grupo de Investigación *Filoloxía e Lingüística galega* do Departamento de Filoloxía galega da USC. O profesor Ferreira é responsable xunto co prof. Mark Davis do Corpus do português (www.corpusdoportugues.org), un proxecto de corpus de máis de 45 millóns de palabras financiado polo National Endowment for the Humanities. O profesor Ferreira ademais é editor de moitos textos do portugués antigo, entre elas a tradución portuguesa do Libro de Marco Polo (1502). Na actualidade é director do proxecto de Dicionário do Português Antigo. O 10 de marzo participou nunha sesión cos investigadores do ILG sobre o tema “Preservação e acesso: Transcrição semi-paleográfica e novas ferramentas informáticas para a acessibilidade pela internet”. Neste seminario o profesor Ferreira tratou sobre os problemas que para o filólogo, o lingüista e o informático crean os sistemas de transcripción electrónica de textos e a etiquetaxe.

Anik Nandi presentou o 16 de marzo unha exposición sobre o tema “A diversidade lingüística está en crise: o caso da India”. Anik Nand é licenciado pola Universidade de Burdwan e colaborador do ILG, desenvolve a súa investigación sobre a xestión da diversidade lingüística en sociedades plurilingües.

Os días 5, 6, 8 e 9 de xullo celebrouse un seminario para os membros do centro sobre o tema *Variación e cambio no sistema lingüístico histórico galego-portugués (comparación entre o galego e o portugués popular brasileiro)*. Nas charlas participaron investigadores brasileiros da Universidade de São Paulo e da Universidade Federal Fluminense. Estes investigadores participan con investigadores do ILG nun proxecto de investigación internacional.

O 11 de novembro o profesor da Universidade Federal da Bahia Dante Lucchesi ofreceu unha conferencia na biblioteca do ILG sobre o tema “O português afro-brasileiro”. O profesor Lucchesi traballa en liñas de investigación vinculadas coa historia do portugués no Brasil e coa constitución do portugués popular brasileiro. Ademais é coordinador do proxecto *Vertentes do Português Popular do Estado da Bahia* (www.vertentes.ufba.br), autor do libro *Sistema, Mudança e Linguagem* (Parábola Editorial, 2004) e organizador do volume *O Português Afro-Brasileiro* (EDUFBA, 2009).

Publicacións



Estudos de Lingüística Galega, 2

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela

ISSN: 1889-2566 (papel), 1989-578X (electrónica)

297 páxinas



O debate normativo da lingua galega (1980-2000)

Pablo Sánchez Vidal

Biblioteca Filolóxica Galega - Instituto da Lingua Galega

A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2010

ISBN 978-84-95892-82-9

421 páxinas



Para un estudo xeolingüístico dos campos lexicais. Análise de designacións galegas do ámbito da gandaría

Xosé Afonso Álvarez Pérez

Biblioteca Filolóxica Galega - Instituto da Lingua Galega

A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2010

ISBN 978-84-95892-81-2

729 páxinas + 1 CD-ROM con mapas



Dicionario da pronuncia da lingua galega

Xosé Luís Regueira Fernández

Instituto da Lingua Galega – Real Academia Galega

A Coruña: Real Academia Galega, 2010

ISBN 978-84-87987-77-9

711 páxinas



Toponimia e cartografía

Xulio Sousa Fernández (editor)

Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega – Consello da Cultura Galega, 2010

ISBN: 978-84-92923-08-3

344 páxinas

Biblioteca e catálogo

50

O fondo da biblioteca do ILG está constituído por máis de 13.500 volumes de obras relacionadas coa lingüística, especialmente a galega, aínda que destaca un importante fondo de literatura galega. Durante o ano 2010 recibíronse un total de 456 monografías, a maioría compradas con cargo a proxectos vinculados ao ILG.

Neste ano continuáronse os traballos de catalogación dos fondos antigos e iniciáronse os traballos para a incorporación ó catálogo da biblioteca da USC.



A actividade dos investigadores

1. Participación en congresos, cursos e encontros científicos

- Alonso Parada, Raquel: “Diverxencias léxicas e morfolóxicas na tradución galega medieval da *General Estoria*”. *Association of Hispanists of Great Britain and Ireland, Annual conference*. King’s College, London, 12-14 de abril do 2010. Comunicación.
- Alonso Pintos, Serafín / Begoña Muñoz Súa. “Falar e escoitar: como e cando?”. Curso CFR Ferrol (referencia F0901010). 3 sesións: 1/02/2010; 24/02/2010; 11/03/2010.
- Álvarez de la Granja, María. “A presenza do galego no léxico dispoñible do español de Galicia”. *Simposio ILG 2010. Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela, 2-9 de novembro de 2010. Relatora convidada.
- Álvarez de la Granja, María: “Dispogal. Léxico dispoñible do galego”. *Coloquio Internacional de Lexicografía, dicionarios e innovación*. Santiago de Compostela, 27, 28 e 29 de maio de 2010. Conferencia.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso / R. Bastardas / M. Benarroch / A. Cano: “Catalán, español, asturiano, gallego y portugués: presentación de los dominios y de las herramientas de trabajo”. *École d’été franco-allemande en étymologie romane*, Nancy (Francia), 26-30 de xullo de 2010. Seminario.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso. “A fronteira entre galego e portugués. A perspectiva portuguesa”. *Simposio ILG 2010. Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela, 2-9 de novembro de 2010. Relator convidado.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso. “Cartografía lingüística de Galicia e Portugal”. *XXVI Congrès International de Lingüística i Filologia Romàniques*. Valencia, 6-11 de setembro de 2010. Comunicación.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso. *As dúas beiras dun mesmo río: diferenzas entre galego e portugués*. Université Paris-Sorbonne (Paris IV). 1 de decembro de 2010. Conferencia.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso: “A joaninha era de Nossa Senhora: designações açorianas no campo lexical da fauna”. *V Colóquio O Faial e a Periferia Açoriana*. Ilhas Azores (Portugal), 17-20 de maio de 2010. Comunicación.
